

Caderno Didáctico

Elixir o futuro sen prexuízos

Elisa Jato Seijas (Coord.)

M^a José Méndez Lois (Coord.)

Xosé Ramón Fernández Vázquez

Raquel Rial Sánchez

Natalia Domínguez Galán

Diseño, maquetación e impresión: Tórculo Artes Gráficas, S.A.

ISBN: 84-690-3444-8

Depósito Legal: C-3383-2006

A Julia Espín (*in memoriam*)

INTRODUCCIÓN


A guía *Elixir o futuro sen prexuízos* é unha proposta educativa de orientación profesional concibida como secuencia de actividades exploratorias, baseada na toma de decisións e na perspectiva de xénero, que ten como obxecto proporcionar un coñecemento e un adestramento básico para a análise do ámbito persoal, escolar e familiar co fin de promover a elección de opcións profesionais futuras sen discriminacións de xénero como medio para favorecer o acceso á formación e ao emprego en igualdade.

A concepción didáctica e metodolóxica da guía está centrada, como espazo preferente, na titoría co alumnado do segundo ciclo da educación secundaria obrigatoria (ESO) e asemade na acción formativa directa coas familias a través de obradoiros de sensibilización para unha educación non sexista.


A guía comprende dous volumes: o caderno didáctico e o caderno de actividades. Estes dous elementos están absolutamente interrelacionados de forma que para a aplicación da guía é precisa a utilización conxunta de ambos os dous.

O *Caderno didáctico* está dirixido ás titoras e aos titores de educación secundaria obrigatoria e ás monitoras e aos monitores (para os obradoiros de nais/pais) e integra dous apartados. En primeiro lugar, un soporte teórico como referente formativo sobre os conceptos básicos relativos á orientación profesional, ao proceso de toma de decisións, ao papel do xénero na elección profesional e á titoría. En segundo lugar, detállase a fundamentación teórica da guía, as pautas metodolóxicas xerais para a súa aplicación (persoas destinatarias, obxectivos, contidos, metodoloxía, recursos e avaliación) e as suxestións didácticas para a adecuada utilización de cada actividade (obxectivos, desenvolvemento da actividade e temporalidade).

O *Caderno de actividades* está deseñado para ser usado polo alumnado do segundo ciclo da ESO e polas nais e pais naquelas actividades dirixidas especificamente a este colectivo. Adopta o formato de fichas de traballo onde se recollen espazos para a investigación, a análise e a reflexión individual e grupal.





Caderno Didático





ÍNDICE

Soporte teórico.....	11
Xénero e elección profesional.....	11
Orientación profesional.....	11
A toma de decisións profesionais.....	13
Os negos por razón de xénero na elección profesional.....	16
A orientación profesional na titoría.....	22
Definición e funcións.....	22
Marco legislativo e organizativo.....	23
As actrices e os actores da orientación profesional no centro educativo.....	26
Actividades.....	29
Fundamentación teórica: a etapa da exploración profesional.....	30
Persoas destinatarias.....	33
Obxectivos.....	34
Contidos.....	36
Metodoloxía.....	39
Recursos.....	40
Avaliación.....	41
Unidades didácticas:	43
UNIDADE 1: COÑECEMENTO DE SI MESMA/O.....	45
UNIDADE 2: A FAMILIA.....	59
UNIDADE 3: O CENTRO E O SISTEMA EDUCATIVO.....	73
UNIDADE 4: O MUNDO DO TRABALLO E AS PROFESIÓN.S.....	91
Bibliografía.....	103



Soporte Teórico

1. Xénero e elección profesional

1.1. A orientación profesional

No actual sistema educativo a orientación é unha parte integrante do proceso educacional que está presente en todos os niveis e centros. O seu ámbito de incidencia é amplo, pois abarca toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, titoras/es, nais/pais...), é materia de decisións pedagóxicas e organizativas e actúa no desenvolvemento do alumnado cara á procura da súa madurez persoal, educativa e profesional.

► Pero que se entende por orientación?

O concepto de orientación é complexo e está vinculado á evolución histórica e ás distintas perspectivas teóricas nas que se sustenta. A evolución do concepto de orientación faise presente nos seguintes elementos:

- Non é un acto puntual senón un *proceso*.
- Implica a persoa na súa *totalidade*.
- Está baseado na *prevención* e no desenvolvemento da *carreira* das persoas.
- Supón a implicación mutua de *individuo* e *sociedade*.
- Pretende a *autonomía* e o incremento da capacidade de toma de decisións da persoa.

Desde a contraposición a orientación non é:

"A orientación non é encamiñamento certo, dirección, imposición de puntos de vista, tomar decisións por outro, levar a carga da vida dos demais, proporcionar noticias definitivas, acto científico que transforme os datos en conclusións de valor xeral..."

Fernández Huerta, 1959. Cit. en Echeverría (1993) *Formación profesional. Guía para el seguimiento de su evolución*. Barcelona: PPU, 26.

Soporte Teórico

► Que é, pois, a orientación e en concreto a orientación profesional?

A orientación profesional é un aspecto do proceso total da orientación que ten como finalidade que as persoas:

- Adquiran aquelas capacidades, actitudes e valores que lles permitan identificar e elixir as alternativas profesionais e vitais que lles ofrece a súa contorna.
- Sexan capaces de desenvolverse no mundo laboral.
- Poidan lograr, mediante a xestión autónoma e responsable das súas carreiras, a plena realización profesional, persoal e social.

A orientación profesional é un conxunto de intervencións específicas e xerais, exercidas ao longo do ciclo vital das persoas, destinadas ao autoconhecimento, a ampliar os horizontes vitais, á selección do traballo, á satisfacción persoal, á conduta laboral, á comunicación, ás situacións do estilo de vida (como o balance entre traballo, familia e tempo de lecer). Implica prioritariamente a planificación da carreira e a toma de decisións, pero tamén ten en consideración outros temas como a integración dos roles vitais, a discriminación, a incidencia dos estereotipos, etc.

Engels; Minor; Sampson e Splete (1995). Career Counseling Speciality: History, development and prospect. *Journal of Counseling and Development*. 74 (2), 134-138.

► Que dimensións ten a orientación profesional desde unha perspectiva non sexista?

Intervir desde unha perspectiva de xénero supón partir dunha concepción da orientación profesional que leva implícita unha acción preventiva e transformadora que implica considerar as seguintes dimensións:

Soporte Teórico

Dimensións da orientación profesional desde unha perspectiva non sexista:

- Que a orientación profesional se centre non só nos postos de traballo senón tamén nas pautas e nos roles de vida, incluíndo a preparación para a independencia económica das mulleres e a preparación dos homes para desenvolver papeis familiares.
- A necesidade de facer as persoas máis conscientes da súa propia socialización profesional, do modo en como o sistema de roles sexuais pode limitalos e de como poden transcender a súa propia socialización.
- Axudar ás persoas a crear o seu proxecto de futuro, anticipando as súas posibilidades, identificando as necesidades e desenvolvendo actividades emprendedoras.
- Facilitar que as persoas perciban o oficio ou profesión como unha parte da carreira persoal, considerando como os valores que presiden o traballo se relacionan con outros valores vitais (familiares, cidadáns, etc.).
- Axudar ás persoas a traballar cara á interrelación dos roles de vida e a negociar tarefas e relacións mediante a aproximación holística de todos os roles.
- Axudar ás persoas a transcender os roles sexuais e os estereotipos que limitan o abano de opcións profesionais.

Espín; Rodríguez-Moreno, *et al.* (1996). *Análisis de recursos educativos desde la perspectiva no sexista*. Barcelona: Laertes, 55-56.

1.2. A toma de decisións profesionais.

Un dos principais obxectivos da orientación profesional está encamiñado a que as persoas desenvolvan condutas vocacionais que as preparen para a súa incorporación e permanencia no mundo do traballo. A elección profesional é un proceso de toma de decisións, que se prolonga ao longo da vida, mediante o cal cada persoa procura constantemente encontrar un axuste consciente e emancipador entre as metas da carreira –conxunto de roles que unha persoa desempeña ao longo da vida– e as realidades do mundo do traballo.

Soporte Teórico

Desde a emerxencia da orientación profesional como acción e como proceso formal, a toma de decisións foi incrementando a súa importancia dentro do campo de intervención da orientación profesional. Son varios os enfoques teóricos e as achegas prácticas que, fundamentalmente desde mediados do século pasado, intentan construír modelos explicativos e prescritivos de toma de decisións. Case todas/os as/os teóricas/os da orientación profesional están de acordo en sinalar que para tomar unha boa decisión é necesaria unha adecuada información, pero tamén adquirir unhas aprendizaxes e destrezas que permitan desenvolver capacidades reais para decidir.

► Que é a toma de decisións profesionais?

A toma de decisións profesionais é un proceso actitudinal e cognitivo que implica a aprendizaxe de estratexias e destrezas co fin de clarificar as alternativas e os resultados.

Neste proceso ten grande importancia a información, o papel activo da persoa, a presenza dos aspectos motivacionais (valores, crenzas, aspiracións) e a elaboración de expectativas, plans e propósitos.

► Como é o proceso de toma de decisións profesionais?

O proceso de toma de decisións comporta a planificación e o desenvolvemento dunha serie de procedementos distribuídos en etapas e asentados en tres dimensións básicas:

- Coñecemento de si mesma/o (intereses, gustos, características da personalidade, aptitudes, etc.) e das circunstancias que poden influír e determinar unha decisión (variables sociais e ambientais).
- Información sobre a contorna (escolar, laboral, etc.) e adquisición de habilidades e destrezas para a busca de información.
- Construción dun plan persoal de actuación.

Soporte Teórico

Dentro da ampla gama de modelos de toma de decisións, o modelo de Gelatt é un dos máis salientables e un importante referente para numerosos programas e recursos de orientación. Segundo Gelatt os requisitos básicos indispensables para unha boa toma de decisións son: o recoñecemento do que é importante para a persoa e para o que quere acadar na vida, é dicir, os seus valores; a busca de información suficiente, adecuada e relevante e as estratexias para facer uso do que sabemos co fin de obter o que queremos (Berroeta, 1998:56).

A secuencia do proceso decisorio de Gelatt abarca os seguintes pasos:

1. Identificación e definición da decisión que hai que tomar.
2. Coñecemento do que é importante para a persoa e para o que esta quere conseguir.
3. Revisión da información que ten a persoa e busca de nova información.
4. Valoración dos riscos que supón a elección de cada alternativa.
5. Desenvolvemento dun plan para conseguir o que se quere.
6. Punto crítico da decisión.

Berroeta (1998). Si no sabes a dónde vas... acabarás en otro lugar. En M. S. Alcalá *et al.* *Hacia una orientación profesional no sexista*. Pamplona: Gobierno de Navarra, 56.

Nos modelos de toma de decisións destaca a importancia outorgada á necesidade dunha información correcta e adecuada (sobre si mesma/o e sobre a contorna), e tamén o carácter cíclico e evolutivo do proceso composto por pequenas decisións que van influíndose mutuamente tanto de forma retrospectiva como subseguintemente. O labor orientador debe conseguir que as persoas orientadas elaboren por si mesmas as destrezas e habilidades que lles permitan definir con claridade o seu obxectivo e as consecuencias das decisións, xa que a persoa será capaz de decidir o seu propio desenvolvemento cara aos obxectivos desexados se pode comprender as consecuencias que van ligadas ás súas decisións. (Rodríguez-Moreno, 1998).

Soporte Teórico

1.3. Os nesgos por razón de xénero na elección profesional

A elección profesional, segundo a definición clásica de Crites (1969), é a expresión da intención de entrar nunha profesión determinada. Esta expresión segue un desenvolvemento procesual no que é preciso distinguir tres niveis de concreción:

- A profesión ideal: a persoa déixase levar pola fantasía e non ten en conta ningún obstáculo.
- A profesión preferida: a persoa amosa unha preferencia a partir de certos criterios reais.
- A profesión elixida: a persoa ten en conta os factores persoais e situacionais e decide optar por aquela profesión que lle pode ofrecer un maior éxito e satisfacción.

A elección profesional, e o proceso de toma de decisións que comporta, está influenciada por unha ampla gama de variables de carácter multidimensional. A documentación científica sobre este aspecto é ampla e remite a diversas investigacións que teñen como obxectivo identificar os factores que determinan a decisión profesional co fin de entender as diferenzas individuais na elección profesional e os patróns diferenciais do desenvolvemento vocacional (Crites, 1969).

Desde unha perspectiva ampla, as variables que afectan á elección e ao desenvolvemento profesional agrúpanse nas seguintes dimensións:

- Aptitudes profesionais.
- Intereses.
- Personalidade.
- Realización
- Fogar e familia.
- Economía.
- Inconvenientes.

Osipow e Fitzgerald (1996). *Theories of career development*. Boston: Allyn and Bacon.

Soporte Teórico

No estudo máis detallado de como se opera este proceso, existe un amplo abano de investigacións que poñen a súa énfase na importancia daqueles aspectos que teñen que ver coas barreiras, os inconvenientes e os condicionantes que determinan o desenvolvemento e a elección profesional. Entre estas variables cómpre sinalar a influencia dos estereotipos, a socialización en función do xénero, os factores familiares e o peso dos elementos psicoemocionais (expectativas, sentimentos de eficacia persoal, interese, etc.).

Haring e Beyard-Tyler (1984), nunha investigación xa clásica, citan como barreiras para que as mozas realicen eleccións profesionais non tradicionais: a socialización do rol ligado ao sexo, a baixa autoestima –sobre todo en matemáticas e habilidades científicas– e as actitudes da muller e das súas iguais cara ás eleccións tradicionais (carencia de modelos).

Neste marco, dentro das múltiples facetas e variables que interveñen na elección profesional a proposta de intervención que desenvolve esta guía –*elixir o futuro sen prexuízos*– toma como referencia catro dimensións amplamente contrastadas e cunha importante presenza na documentación científica: as expectativas persoais, a autoeficacia percibida, as expectativas familiares e a influencia do centro educativo.

a) *As expectativas persoais.* Os estereotipos de xénero modelan de forma diferencial as expectativas e as aspiracións das persoas na adolescencia. Neste senso, Bridges (1988) sinala que mozas e mozos teñen maiores expectativas de éxito fronte a diferentes tarefas e ocupacións cando estas se presentan ou se perciben como máis apropiadas para o seu propio sexo. De igual modo Lips (1993) afirma que unha parte significativa das persoas adolescentes seguen elixindo profesións tradicionalmente asignadas ao seu xénero e atribúen un valor diferencial á profesión. Así, mentres na representación do futuro dos mozos a profesión aparece como algo prioritario que lles permitirá poder formar e manter unha familia, as mozas, con maior frecuencia, manteñen a profesión como algo secundario ás súas responsabilidades familiares e domésticas.

Soporte Teórico

As expectativas reflicten a percepción que a persoa ten das súas capacidades e das posibilidades que lle son ofertadas e son susceptibles de satisfacela. Fórmanse pola secuencia de relacións entre a motivación en relación ao traballo, os factores de socialización (como a familia, o centro educativo) e a estrutura de posibilidades.

Astin (1984). The meaning of work in women's lives. A sociopsychological model of career choice and work behavior. *The Counseling Psychologist*, 12 (4), 117-126.

- b) *A autoeficacia percibida*. En relación coa autoeficacia persoal, investigadoras como Hackett e Betz (1981 cit. en Bujold e Gingras, 2000) sosteñen que, debido en boa parte á socialización, as mulleres non teñen grandes expectativas sobre o plano da eficacia persoal, entendendo por autoeficacia persoal a convicción (en materia de expectativas ou crenzas) que unha persoa ten sobre a súa habilidade para superar con éxito unha tarefa ou para sobresaír nun tipo de comportamento en particular. Seguindo o modelo de Bandura (2003), Hackett e Betz (1981 cit. en Bujold e Gingras, 2000) precisan que o acceso ás fontes de información que inflúen sobre a creación e a evolución das expectativas (as realizacións, as expectativas vicarias, o estado emocional e a persuasión) non é o mesmo para as mulleres que para os homes, o que ten consecuencias sobre as decisións profesionais das mulleres. Algúns exemplos poden ilustrar estas situacións:
- o *As realizacións*. As mozas están máis ocupadas nas tarefas relacionadas coa familia e en axudar aos demais que en facer deporte, actividades de tipo mecánico, ou outras actividades tipicamente masculinas. Esta orientación fai que adquiran unha maior eficacia no ámbito doméstico que noutros campos.
 - o *As expectativas vicarias*. Os modelos ofertados ás mozas non representan toda a gama de actividades do mundo do traballo senón, sobre todo, profesións e roles tradicionais, o que supón maiores niveis de eficacia persoal en relación aos mesmos.

Soporte Teórico

- o *O estado emocional.* A ansiedade é máis elevada nas persoas tipificadas socialmente como femininas, o que ten por efecto a diminución da súa eficacia persoal tanto no plano xeral como no específico.
- o *A persuasión verbal.* Reviste un carácter particular no caso das mozas, por exemplo, tradicionalmente as mozas non son animadas a dedicarse ao estudo das matemáticas ou das ciencias, senón que, pola contra, son frecuentemente incitadas a relegar estes ámbitos, o que ten como efecto a redución das súas expectativas en canto á súa eficacia persoal para o desempeño dun certo número de profesións.

O sentimento de autoeficacia pode influír no grao en como unha persoa utiliza as súas habilidades, cultiva unha diversidade de intereses e considera ampliar o seu abano de opcións profesionais. Asemade, a autoeficacia está unida ás experiencias anteriores da persoa e forma parte dos mecanismos polos cales a socialización en relación aos roles de xénero influen sobre os comportamentos profesionais.

Bujol e Gingras (2000). *Choix professionnel et développement de carrière*. Montreal: Gaëtan Morin, 238-239.

- c) *As expectativas familiares.* Outra das dimensións importantes que hai que ter en conta na elección profesional das mozas e mozos son as expectativas familiares. O discurso das nais e os pais sobre a educación e a inserción profesional das fillas e dos fillos preséntase con caracteres ambiguos e contraditorios debido a que as afirmacións e proclamacións da igualdade se combinan frecuentemente con prácticas que dificultan ou impiden o exercicio desa igualdade. Son de destacar neste ámbito as constatacións de diferenzas nas preferencias e expectativas das nais e dos pais. Segundo recollen Ferrer e Sánchez (1995), os pais continúan reforzando coas súas expectativas o grupo de estudos científico-técnicos como os estudos máis apropiados nunha primeira elección para os fillos, fronte ao grupo económico-social considerado máis axeitado para as fillas. Este estereotipo vólvese reproducir cando se lles solicita unha segunda elección e asignan o grupo profesional biosanitario para os fillos e o psicopedagóxico para as fillas. Pola

Soporte Teórico

súa banda, as nais consideran o grupo de estudos económico-social igualmente axeitado para fillos e fillas, pero na segunda opción prodúcese unha inversión de adecuación ao xénero ao asignar os estudos científico-técnicos para os fillos e os biosanitarios para as fillas.

- d) *A influencia do centro educativo.* No que respecta á influencia da escola, manifesta a súa incidencia nas eleccións académico-profesionais a través de:
- o *O desenvolvemento afectivo.* A escola espera un comportamento diferente para as rapazas e para os rapaces, por exemplo que as rapazas demostren unha maior compracencia co profesorado, que susciten menos problemas de disciplina, que “aprendan a perder”, etc. (Spender e Sarah, 1980).
 - o *Os referentes simbólicos no centro educativo.* A estrutura dos centros, os órganos de xestión e dirección conteñen aspectos que inflúen na elección do currículo do alumnado. O denominado reforzo de xénero é exercido nos ámbitos educativos a través de diversas vías, tales como os modelos de profesorado ou as relacións e os niveis de representatividade segundo o xénero (maior representación dos homes en cargos de dirección, en áreas académicas e científicas máis valoradas, en cursos máis avanzados, etc.) (Coscojuela e Subías, 1993).
 - o *As expectativas do profesorado.* O profesorado actúa de acordo coa representación que ten das súas alumnas e dos seus alumnos. Os estereotipos de xénero poden levar a que as/os docentes teñan unha percepción diferente do alumnado segundo o xénero e a formar expectativas máis elevadas con relación aos mozos, tanto nas actividades tipicamente masculinas como nas femininas. A través do “*efecto pigmalión*” –proceso sociopsicolóxico que actúa como unha profecía interpersonal auto-realizada na que o alumnado tende a comportarse de acordo co esperado– as expectativas do profesorado repercuten nas autopercepcións das mozas e dos mozos e consecuentemente nas súas motivacións, empeño e expectativas de éxito. (Neto et al., 1999). Os estudos de Subirats e Tomé (1992) permiten observar, por exemplo, como o profesorado adopta modelos de interacción

Soporte Teórico

diferenciados en relación ás alumnas e aos alumnos que se manifestan en situacións dun menor nivel de interacción verbal para as mozas ou unha maior motivación para os comportamentos autónomos dos mozos.

- o *O asesoramento profesional*. Diversas investigacións poñen en evidencia a presenza nas orientadoras e nos orientadores educativos e profesionais de actitudes conformes aos estereotipos tradicionais en relación ás ocupacións das mulleres e os seus roles de familia (Fitzgerald e Crites, 1980). Ao tempo que sinalan a importancia do traballo das/os orientadoras/es na sensibilización do alumnado no que atinxe á interrelación e á complementariedade dos roles na sociedade, ao reaxuste das percepcións sobre si mesma/o, e á transformación das imaxes estereotipadas propias. (Bujold e Gingras, 2000).

Soporte Teórico

2. A orientación profesional na titoría

A orientación contéplase no sistema educativo español como un dereito do alumnado que se debe tratar ao longo de toda a escolarización. Nos centros educativos son os departamentos de orientación os encargados de explicitar plans concretos de actuacións que hai que desenvolver neste eido, pero a actividade de proximidade ao alumnado será implementada na titoría.

2.1. Definición e funcións.

No contexto educativo a orientación profesional pódese entender como o conxunto de actividades de titoría que teñen por obxecto axudar ás alumnas e aos alumnos no acceso ao mundo do traballo e tamén no seu tránsito por el. É preciso, polo tanto, capacitar a mocidade para a elección duns estudos que a conducirá á profesión elixida e tamén haberá que capacitala para o acceso e o tránsito polo mundo do traballo.

A orientación profesional en educación debe ser entendida como un proceso que ten o seu desenvolvemento máis intenso no ensino secundario obrigatorio e que implica a formulación, por parte do claustro de profesoras/es do centro educativo, do consello orientador que a lei prescribe como obrigatorio ao finalizar o ensino secundario obrigatorio (ESO) e os programas de garantía social.

As funcións atribuídas á orientación profesional que se desenvolve na escola a través da titoría son, segundo Álvarez (1995), Rodríguez Espinar (1993), Rodríguez Moreno (1998) e Sánchez García (2004), as seguintes:

- Función de diagnóstico para axudar ao alumnado a conseguir un grao progresivo de autoconecemento coa finalidade de poder tomar decisións efectivas.
- Función formativa e informativa que potencia as competencias exploratorias coa finalidade de capacitar o alumnado na busca de informacións relevantes para o seu desenvolvemento profesional.

Soporte Teórico

- Función de consello ou axuda na formulación de obxectivos profesionais ou laborais.
- Función de consulta que promova o cambio de actitudes e a mellora das relacións da persoa consigo mesma e cos demais.

2.2. Marco lexislativo e organizativo.

O artigo 58º do Decreto 324/1996 polo que se aproba, na Comunidade Autónoma Galega, o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG nº 156 de 9 de agosto de 1996) indica que *"a tutoría e orientación do alumnado formará parte da función docente. A función titorial e orientadora do alumnado desenvolverase ao longo de todas as etapas e ciclos formativos"*. (Art. 58, 1). Así mesmo, indica que *"nos institutos de educación secundaria haberá un titor ou titora por cada grupo de alumnado. O titor ou titora será designado polo director ou directora, por proposta do xefe ou xefa de estudos, oído o xefe ou xefa do departamento de orientación, entre os profesores ou profesoras que impartan docencia a todo o grupo"*. (Art.58, 2).

Seguidamente no artigo 59º, do mesmo Decreto, no que se recollen as tarefas da profesora/or titora/or sinalase que, en relación á orientación profesional, deberán favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais e tamén implicando ás familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación das súas fillas e fillos.

Polo tanto, son as titoras e os titores os encargados de implementar estas accións na aula, dentro das sesións de tutoría que se establecen no horario escolar (unha sesión semanal de 50 minutos no ensino secundario obrigatorio) en coordinación co resto do profesorado que lle dá clase ao mesmo grupo de alumnas e alumnos.

As actuacións que se levan a cabo non son improvisadas senón que están recollidas no plan de acción titorial (PAT) que, seguindo a Planas (2002), podemos definir como o conxunto de accións educativas de orientación persoal, académica e profesional,

Soporte Teórico

diseñadas e planificadas polas titoras/es, profesoras/es e orientadora/or do centro coa colaboración do alumnado e da comunidade educativa que actúan sempre en función das necesidades detectadas.

Tendo en conta que no ensino secundario obrigatorio as mozas e os mozos deberán tomar as súas primeiras decisións académico-profesionais, parece indicado que adquiran as destrezas de busca de información profesional e de toma de decisións. Así pois, como obxectivos da orientación profesional desta etapa poden considerarse (Gallego, 2006:233):

- Axudar ao alumnado a incrementar o seu nivel de autocoñecemento.
- Iniciar ao alumnado na metodoloxía da toma de decisións.
- Axudar ao alumnado a poñer en marcha as competencias exploratorias do mundo profesional.
- Adquirir actitudes favorables cara ao traballo.
- Adquirir as competencias para poder planificar o desenvolvemento profesional.

O traballo de orientación profesional nesta etapa adoita dividirse en dous períodos: o primeiro dos 12 aos 14 anos e o segundo dos 14 aos 16 anos. En ambos os dous períodos traballaranse similares bloques de contidos aínda que se variará a profundidade coa que son tratados.

Algúns dos aspectos que se poderían desenvolver co alumnado, nas actividades de orientación profesional no ensino secundario obrigatorio, son os seguintes:

Soporte Teórico

Etapa educativa	Obxectivo	Aspectos que hai que desenvolver
12-14 anos	Incrementar o autoconocemento	Exploración das características propias da alumna/o (gustos, afeccións, características físicas, etc.). Análise da influencia de persoas significativas para a alumna/o.
	Tomar decisións	Xeración de alternativas a situacións dadas. Coñecemento das fases do proceso de toma de decisións.
	Explorar o mundo profesional	Exploración da contorna laboral máis próxima. Coñecemento dos diversos tipos de traballo: remunerado, voluntario, doméstico, etc. Descrición dos traballos que realizan persoas significativas para a alumna/o.
14-16 anos	Autoconocerse	Identificación de sentimentos. Clarificación dos propios valores. Determinación das propias afeccións e a importancia que a alumna/o lles concede.
	Tomar decisións	Estudo das distintas decisións tomadas en diferentes ámbitos: familia, amizades, escola. Aplicación da metodoloxía de toma de decisións a situacións concretas.
	Explorar	Coñecemento das diferentes opcións formativas. Análise das opcións laborais ás que se podería acceder coa formación actual. Esixencias de diferentes ocupacións. Técnicas de busca de emprego.
	Planificar o desenvolvemento profesional	Formulación de obxectivos profesionais. Coñecemento dos itinerarios para acadar os obxectivos mencionados.

Fonte: adaptado de Gallego (2006: 234).

Soporte Teórico

2.3. As actrices e os actores da orientación profesional no centro educativo.

A orientación académico-profesional no centro educativo non só se leva a cabo a través das actividades planificadas que o profesorado titor desenvolve co alumnado, individual ou grupalmente, senón que debemos prestarlles atención a outras actrices e outros actores que interveñen neste proceso.

Así debemos destacar as actuacións que desenvolven os seguintes axentes:

- Titora/or.
- Orientadora/or do centro.
- Equipo de profesoras/es da alumna/o.
- Alumnas/os.
- Nais e pais.

As titoras/es realizan actividades para promover o autoconhecimento do alumnado (autoconceito, capacidades, intereses, etc.), proporcionan información xeral sobre o sistema educativo e as opcións e itinerarios que se poden seguir ao remate de cada ciclo ou etapa, realizan actividades en relación coa busca de emprego e o coñecemento do mercado laboral, ensínanlle ao alumnado a tomar decisións e apoian as alumnas e os alumnos no seu proceso de toma de decisións, etc. É importante que, ademais, recompilen información das familias e teñan posibilidade de traballar con nais e pais para conseguir deles a implicación na orientación das súas fillas e os seus fillos, tratando coas familias a necesidade de que mozas e mozos tomen decisións e fagan elección de forma autónoma en relación cos seus intereses, expectativas, habilidades... e con independencia de se son mozas ou mozos.

O departamento de orientación dos centros educativos deberá coordinar a elaboración e o desenvolvemento dos programas de orientación que desde o plano institucional aseguren a eficacia do sistema educativo e velará porque en todas as accións que se realicen no centro, en materia de orientación profesional, se contemple o principio de igualdade de oportunidades para ambos os dous sexos. Así mesmo, o departamento de orientación proporcionaralles documentación necesaria ás/aos


Soporte Teórico

titoras/es, atenderá todas as consultas individualizadas que tanto o alumnado como as familias ou o profesorado lle presenten e será, así mesmo, o encargado de aplicar probas estandarizadas específicas para o autoconñecemento das alumnas/os, se fosen necesarias.


O equipo de profesoras e profesores do grupo de alumnas/os será o encargado de incluír procedementos e actitudes de carácter preprofesional nas diferentes áreas de coñecemento, ofrecerá información sobre diversas profesións relacionadas cos diferentes ámbitos de estudo, atenderá os intereses profesionais que as alumnas e os alumnos manifesten en relación ás diferentes áreas de coñecemento, incorporará ás súas tarefas docentes as estratexias de busca de información, contribuirá á exploración da contorna realizando saídas e visitas relacionadas co seu ámbito de estudo e visibilizará a actividade profesional desenvolvida polas mulleres nos distintos campos profesionais.

As propias alumnas/os, constituídos en grupo de iguais, tamén serán actores e actrices importantes na orientación e na toma de decisións dado que comparten información, contribúen á construción da imaxe persoal das compañeiras/os, explicitan e comparten os seus logros e os seus medos, poñen en común as súas expectativas e as súas inquedanzas sobre itinerarios formativos e sobre o mundo laboral, apóianse nos procesos de toma de decisións, etc.

Por último, as nais e pais posúen unha determinada concepción da educación e mesmo dos centros educativos, proxectan nas fillas e fillos as súas expectativas e adoptan, na familia, uns valores que se constitúen en referente para as alumnas e os alumnos. A familia é, polo tanto, un elemento esencial na formación integral das mozas e dos mozos, e incorpórase directa ou indirectamente nas tarefas escolares. É necesario, polo tanto, potenciar a colaboración familiar na escola, de xeito que se lles facilite, ás nais e aos pais, unha información global das actividades que hai que realizar coas fillas e cos fillos nas aulas e das canles de participación que poden empregar.



Actividades



Actividades

Fundamentación teórica: a etapa da exploración profesional

Os traballos relativos ao modo en como as persoas constrúen o seu desenvolvemento profesional son bastante numerosos e responden a enfoques teóricos baseados en determinantes sociolóxicos, en mecanismos de toma de decisións, en teorías do desenvolvemento, en bases psicodinámicas, etc.

O soporte teórico no que se enmarca esta guía sitúase no espazo das teorías evolutivas que consideran a orientación profesional como un proceso, dependente do desenvolvemento global das persoas, que ten lugar ao longo das etapas da vida, dentro dun continuum no que se van sucedendo progresivas eleccións a medida que avanza o desenvolvemento persoal e social dos individuos. Entre as achegas máis significativas destacan as contribucións teóricas e prácticas de Ginsberg e Super.

Segundo o enfoque evolutivo, a dimensión temporal do desenvolvemento profesional sucede a través dunha serie de etapas ou períodos que se inscriben dentro do desenvolvemento da carreira entendida como un proceso continuo que vai desde a infancia ata a vellez. Este proceso é de carácter dinámico e psicosocial por ser resultante da interacción entre a persoa e as demandas da contorna.

Na teoría de Super, os estadios da vida profesional artículanse en torno á noción de carreira que comprende, non só as experiencias laborais, senón a totalidade e secuencia de roles (por exemplo, traballadora/or, nai/pai, estudante, cidadá/cidadán) e de experiencias de traballo (remunerado ou non) que desenvolve unha persoa ao longo do seu ciclo vital. Segundo isto, Super e os seus colaboradores clasificaron os períodos evolutivos do arco vital en cinco: crecemento, exploración, establecemento, mantemento e declive.

Dentro deste conxunto de etapas, a fase de exploración é a que corresponde ao desenvolvemento evolutivo das persoas destinatarias desta guía: alumnado de segundo ciclo da educación secundaria obrigatoria (14-16 anos). A etapa exploratoria cobre o período de 14 a 24 anos e iníciase cando as mozas e os mozos comezan a darse conta de que o traballo vai ser un aspecto significativo da vida. Super define a exploración como o estadio do desenvolvemento no que a persoa estreita o seu

Actividades

campo referencial, comprométese cun traballo ou plan de estudos concreto e toma unha decisión tendo en conta os condicionamentos da realidade (Rodríguez-Moreno, 1999).

O estadio de exploración comporta tres tarefas que se corresponden con tres sub-estadios (Super; Savickas e Super, 1996; Bujol e Gingras, 2000):

- A cristalización dunha preferencia profesional. É o momento no cal a persoa adolescente comeza a formular as súas ideas sobre un ámbito profesional que lle resulta atractivo. Neste período, ao que corresponden maioritariamente as actividades desta guía, prodúcese a expresión da imaxe de si mesma/o e da imaxe que a persoa ten de certas profesións coa finalidade de facer eleccións provisionais.
- A especificación dunha preferencia profesional. Consiste na expresión dunha preferencia específica, non xeral, por exemplo por un curso o un programa de formación cara a unha profesión precisa ou por un emprego que podería servir de porta de entrada nun ámbito determinado. Trátase da expresión dunha preferencia, non dun compromiso.
- A realización ou actualización dunha preferencia profesional. Prodúcese cando a moza ou o mozo pasa dos estudos xerais a unha formación especializada ou cando deixa o ensino para ocupar o primeiro emprego. Neste momento a persoa debe traducir a súa preferencia específica nunha realidade. A diferenza da cristalización e da especificación, a actualización supón o paso á acción real.

A exploración no proceso de orientación significa desenvolver unha conduta exploratoria integrada por diferentes actividades dirixidas a obter información sobre si mesma/o e sobre a contorna e a verificar hipóteses ou fundamentar conclusións que axuden á persoa a elixir e a prepararse para unha profesión. A través da exploración inténtase non só que as persoas obteñan datos sobre si mesmas e

Actividades

sobre as profesións, senón tamén que verifiquen e, se é preciso, modifiquen estes conceptos en contacto coa realidade.

Na aplicación didáctica, o proceso de exploración desenvólvese metodoloxicamente desde o particular ao xeral, a partir da propia experiencia do alumnado. Durante esta fase a/o orientadora/or deberá axudar e motivar ás alumnas e aos alumnos cara á indagación e o descubrimento de información sobre si mesmas/os e sobre a contorna (familiar, educativa, profesional), propiciando unha ampla variedade de situacións de aprendizaxe que lles permita explorar aptitudes, coñecementos, destrezas, expectativas, intereses, gustos, valores, desexos... nun contexto de reactivación e descubrimento das dimensións persoais e sociais. As actividades e os materiais estarán dirixidos a motivar e activar fundamentalmente as dimensións de busca, experimentación, investigación, ensaio e comprobación de hipóteses. Exemplos de actividades de exploración da contorna presentes na guía son: *"Este é o noso instituto"*, *"Coñecer a miña profesión preferida"*, *"Na túa casa quen fai que"*. Asemade, a exploración da contorna complétase coa exploración de si mesma/o a través de actividades como: *"Así me vexo, así me ven"*, *"Os meus gustos e obrigas"* ou *"Dez anos despois"*.

Actividades

Persoas destinatarias da guía

As persoas destinatarias preferentes da guía son o alumnado de segundo ciclo da educación secundaria obrigatoria (14-16 anos). Especificamente aquelas alumnas e alumnos que se atopan no estadio exploratorio do seu desenvolvemento vocacional dentro do período de cristalización dunha preferencia profesional. Polo que este material pode ser utilizado como recurso para a exploración profesional (para o alumnado que afronta por primeira vez o proceso de elección profesional) ou como primeiro nivel para o desenvolvemento dun programa completo de toma de decisións profesionais.

Esta guía está deseñada como un material educativo de orientación profesional para ser aplicado polo profesorado titor no contexto educacional, na dinámica da interacción grupal e dentro do espazo das sesións de titoría. Non é unha guía de actividades autoaplicables.

Asemade, a guía inclúe actividades dirixidas exclusivamente a nais/pais que poden ser realizadas no marco formativo da titoría ou independentemente como recursos de seminarios ou obradoiros de sensibilización e formación. Como se recolle no Proxecto Diana.

Actividades

Obxectivos

A guía *Elixir o futuro sen prexuízos* é unha proposta educativa de orientación profesional concibida como unha secuencia de actividades exploratorias, baseada na toma de decisións e na perspectiva de xénero, que ten como obxecto proporcionar un coñecemento e un adestramento básico para a análise do ámbito persoal, escolar e familiar coa finalidade de promover a elección de opcións profesionais futuras sen discriminacións de xénero.

Esta finalidade concrétese nos seguintes obxectivos:

- Desenvolver actitudes positivas cara ao coñecemento de si mesma/o tomando conciencia da propia realidade persoal desde a reflexión autobiográfica (presente, pasado e porvir) e desde a contrastación coas demais persoas.
- Favorecer o coñecemento e a reflexión crítica sobre aquelas variables sociais e ambientais (familia, centro, contorna) que inflúen e determinan a toma de decisións.
- Potenciar o coñecemento da estrutura do sistema educativo e identificar itinerarios formativos promovendo a construción de proxectos persoais responsables e libres de estereotipos sexistas.
- Desenvolver destrezas e habilidades para a busca e a análise da información sobre a exploración do mundo laboral que permita formular eleccións profesionais desprovistas de calquera prexuízo, especialmente en relación ao xénero.
- Quebrar os estereotipos sexistas que permanecen visibles ou xacen ocultos no ámbito familiar, escolar e profesional.

Actividades

- Fomentar a comunicación e a cohesión grupal entre o alumnado pertencente a ambos os dous sexos.
- Promover entre os membros da comunidade educativa, en especial coas familias, accións formativas dirixidas á sensibilización en materia de educación non sexista e ao rexeitamento cara calquera tipo de discriminación con base no xénero.
- Facer conscientes ás nais e aos pais da influencia familiar e da aprendizaxe vicaria na transmisión de modelos e valores como elementos do proceso de toma de decisións profesionais.
- Favorecer a colaboración de nais e pais no centro escolar desde unha perspectiva non sexista.

Actividades

Contidos

Os contidos da guía artículanse en torno a catro unidades ou núcleos temáticos:

a) O coñecemento de si mesma/o.

Esta primeira unidade persegue o coñecemento de si mesma/o a través de tres dimensións: a exploración da autoimaxe, a proxección do concepto profesional e o establecemento de relacións entre o mundo persoal (gustos, expectativas, obrigas, aptitudes, habilidades, etc.) e o mundo do traballo. Inclúe unha actividade específica para as nais e os pais dirixida á resolución de conflitos e a valoración da influencia familiar nas decisións profesionais das fillas e dos fillos. Como eixe transversal está presente ao longo do módulo a análise das atribucións tradicionais de xénero.

ACTIVIDADES DA UNIDADE:

- *“Así me vexo e así me ven”.*
- *“Os meus gustos e obrigas”.*
- *“Dez anos despois”.*
- *“O consello de familia: a negociación” (para nais e pais).*

b) A familia.

Con esta unidade preténdese favorecer a indagación e a análise sobre o autocoñecemento a través do espazo familiar e das relacións que alí se establecen. As actividades abranguen catro dimensións básicas: o ámbito do traballo reprodutivo, descubriendo a utilidade do traballo do fogar e a necesidade da corresponsabilidade das mulleres e dos homes no traballo doméstico e produtivo; a exploración das expectativas familiares en relación ao futuro das fillas e dos fillos poñendo de manifesto o papel dos estereotipos de xénero; a

Actividades

resolución de problemas e a transmisión de valores nos procesos de toma de decisións.

ACTIVIDADES DA UNIDADE:

- *“Na túa casa, quen fai que?”*
- *“Que esperan miña nai e meu pai de min?”*
- *“O caso de Xiana”.*
- *“Os valores da nosa familia” (para nais e pais).*

c) O centro e o sistema educativo

Esta unidade ten como finalidade a investigación e a análise do contexto inmediato a través do desenvolvemento de tres dimensións: o coñecemento dos diferentes elementos e factores que conforman as estruturas educacionais, a identificación dos posibles itinerarios que oferta o sistema educativo e a participación familiar na vida do centro escolar. Como eixe vertebrador das distintas actividades que configuran a unidade sitúase a detección e explicitación de parámetros de funcionamento discriminatorio en función do xénero e a visualización da posible incidencia de marcas de tipo sexista en relación aos camiños que a opcionalidade lles permite a alumnas e alumnos.

ACTIVIDADES DA UNIDADE:

- *“Este é o noso instituto”.*
- *“Preferencias persoais”.*
- *“Buscando camiños”.*
- *“As nais e os pais tamén van ao insti” (para nais e pais).*

Actividades

d) O mundo do traballo e as profesións

A indagación e a análise obxectiva da realidade laboral circundante constitúe un obxectivo principal da secuencia didáctica no desenvolvemento das actividades que implica a exploración. Nesta unidade preténdese que o alumnado entre en contacto directo co mundo do traballo, a través da recollida e procesamento de información, co fin de tomar conciencia dos distintos aspectos que deben coñecer sobre o mercado laboral e das relacións entre os itinerarios formativos e as profesións. Asemade, búscase que as persoas amosen e consoliden unha preferencia por unhas determinadas profesións a partir de criterios reais e de posicionamentos críticos non estereotipados (tránsito da profesión ideal á profesión preferida).

ACTIVIDADES DA UNIDADE:

- *“Exploro o mundo do traballo”.*
- *“Coñecer a miña profesión favorita”.*
- *“Indagando sobre as profesións: as fontes de información”* (para nais e pais).

Actividades

Metodoloxía

A metodoloxía didáctica para a implementación da guía ten como fundamento tres enfoques xerais:

- Estar enraizada nunha metodoloxía vivencial que se caracteriza por partir de situacións reais ou simuladas que lles permitan ás alumnas e aos alumnos atoparlles sentido ás actividades propostas.
- Ter en conta os postulados do pensamento creativo e da busca activa coa finalidade de acadar a integración cognitiva das accións dentro do mapa significativo de cada alumna ou alumno.
- Levar a todo o alumnado a que realice procesos de estruturación da información obtida para asegurar un posterior manexo e optimización da devandita información.

Para o desenvolvemento destes enfoques nas distintas actividades que integran a guía combínanse diferentes formatos de situacións individuais e grupais que permiten a alternancia e a mestura de procesos de reflexión individual e de autoanálise con tarefas de pescuda e análise en equipos de traballo (pequenos grupos) ou en gran grupo (a totalidade das persoas da clase). Esta variedade de formatos posibilita unha mellor interacción do alumnado e tamén unha máis intensa acción desde a perspectiva de xénero xa que fomenta a participación igualitaria de alumnas e alumnos, presenta maior atención á experiencia discriminatória feminina e frea o pulo da visión androcéntrica aínda asentada na institución escolar, nos seus rexistros e nas súas prácticas.

Neste marco metodolóxico as principais funcións que deben desempeñar as/os titoras/es ou monitoras/es (para o caso de seminarios de nais/pais) son as relacionadas coa motivación, a organización e o seguimento. A secuencia de desenvolvemento de cada actividade implica:

- A presentación (exposición de obxectivos, sensibilización cara ao tema, motivación para a participación individual e grupal, etc.).
- A clarificación e a axuda (proporcionar pautas de organización do traballo, aclarar dúbidas, dirixir debates, etc.).
- O asesoramento (seguimento das actividades, atención e apoio individualizado ao alumnado, implicación da alumna e do alumno no seu propio proceso de orientación, etc.).

Actividades

Recursos

Os recursos principais que hai que utilizar para o desenvolvemento das distintas actividades non son, en ningún caso, alleos á práctica educativa ordinaria.

Utilizárase como recurso de uso persoal o *Caderno de actividades* no que se recollen as secuencias da acción que hai que desenvolver e os exemplos de fichas, viñetas, tarxetas, recadros... que se van empregar. Como recursos de dotación usarase o material funxible, o encerado e un retroproxeutor ou canón de vídeo para visibilizar os traballos grupais de alumnas e alumnos.

Dada a importancia das actividades en gran grupo e do traballo en equipo sería aconsellable contar cun espazo aberto facilitador dunha axeitada interacción grupal e que fomente a participación e o intercambio de información.

O mobiliario debe poder moverse con liberdade para facilitar así as diferentes opcións de traballo: reflexión individual, traballo en parellas, en pequeno grupo ou en gran grupo.

Actividades

Avaliación


As titoras/es observarán o desenvolvemento das diferentes sesións de traballo para poder realizar ao remate destas unha valoración dos principais logros acadados e tamén unha pauta daqueles aspectos que será necesario mellorar.

Os indicadores de avaliación que se terán en conta tanto nas sesións de tutoría con alumnas e alumnos como nas sesións de nais e pais son os seguintes:


Móstranse atentas/os ao desenvolvemento das actividades.	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Amosan interese polas actividades desenvolvidas.	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Formúlanlle preguntas á/ao titora/or sobre as actividades que hai que realizar.	1 – 2 – 3 – 4 – 5
O grao de participación nas distintas actividades foi (unha resposta para cada actividade desenvolvida).	1 – 2 – 3 – 4 – 5
As actividades de reflexión individual tiveron boa acollida.	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Manifestaron abertamente as súas opinións persoais.	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Nos traballos en pequeno grupo o grao de participación foi.	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Nas postas en común en gran grupo a participación foi.	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Respectaron axeitadamente as quendas de palabra.	1 – 2 – 3 – 4 – 5
O traballo grupal foi áxil e satisfactorio.	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Expresáronse as opinións de forma aberta.	1 – 2 – 3 – 4 – 5
Houbo actitude comunicativa.	1 – 2 – 3 – 4 – 5

(1: valor mínimo; 5: valor máximo)


Deberase ter en conta que estes indicadores son presentados a modo de exemplo e que cada titora/or poderá cambialos, aumentalos, etc. na medida en que o considere oportuno para a súa avaliación do traballo realizado.



Unidades Didácticas







Unidade
Coñecemento
de si mesma/o

Unidade 1

Fundamentación

O coñecemento de si mesma/o é un proceso cognitivo que debe ser constante ao longo da vida co obxecto de formarse unha imaxe adecuada de si mesma/o mediante o descubrimento, identificación e recoñecemento da propia forma de pensar, sentir e actuar. Este proceso implica a análise e o coñecemento das experiencias persoais pasadas —co fin de que nos sirvan para novas experiencias futuras— e a autoobservación das seguintes capacidades:

- Determinar a orixe ou a causa dos problemas.
- Imaxinar o maior número de solucións para un problema determinado.
- Ver as consecuencias das nosas actitudes, comportamentos, etc.
- Situarse no punto de vista das outras/os.
- Poñermos obxectivos e organizar os medios dos que dispomos para conseguilos.

O proceso de construción de si mesma/o realízase a partir das vivencias persoais, pero en interacción co grupo de iguais e o medio social. Debido a isto, as expectativas da sociedade contribúen poderosamente a que mozas e mozos adopten imaxes que non se axustan aos seus intereses, gustos... deixándose levar polos estereotipos sociais dominantes que dificultan a toma de decisións sobre as opcións académicas e/ou profesionais futuras que mellor se acomodan ás súas preferencias persoais. Polo que o elemento clave do proceso de construción da autoimaxe persoal é, sen dúbida, a toma de conciencia por parte do suxeito da súa responsabilidade respecto á súa propia vida.

Neste marco, a finalidade desta unidade é dobre:

- Potenciar o imaxinario persoal co fin de que as mozas e os mozos constrúan a súa imaxe de forma autónoma e independente do que socialmente se espera delas/es como mulleres ou como homes.
- Mellorar a autoimaxe de mozas e mozos favorecendo a construción da súa identidade persoal apoiada polas súas nais e pais, que tamén se verán involucrados nas actividades desta unidade ao participar activamente nelas.

Coñecemento de si mesma/o

Actividades da unidade

Co alumnado

- *“Así me vexo e así me ven”.*
- *“Os meus gustos e obrigas”.*
- *“Dez anos despois”.*

Con nais e pais

- *“O consello de familia: a negociación”.*

Actividade 1

A construción da imaxe dun mesmo é un elemento esencial da conduta exploratoria. Non só vai ser importante a elaboración da imaxe propia senón tamén contribuír, coas nosas achegas, á construción da imaxe de cada unha/un dos membros do grupo de iguais.

Obxectivos

O alumnado será capaz de:

- Expressar características persoais propias en grupo.
- Atribuírlles calidades aos distintos membros do grupo.
- Participar en dinámicas de grupos.

Desenvolvemento da actividade

1.1. Situación individual e de grupo.

- Este exercicio pode ser realizado tanto en pequenos grupos (5-6 persoas), como co grupo clase (20-25 persoas), dependendo da cohesión e dinámica do grupo.
- A/O profesora/or entrégalles ás alumnas e aos alumnos un espello (pode ser real ou de cartón) e pide que fagan a seguinte pregunta:
"Espello, espello que é o que máis che gusta de min?"
(Adaptado de Brunet, J. e Negro, J. (1989). *Tutoría con adolescentes*. Madrid: Ediciones San Pío X).
- Cada alumna e alumno mírase, por quenda, ao espello e segue a seguinte secuencia:
 - Pensa sobre o que máis lle gusta de si mesma/o.
 - Actuando como se o espello lle dera a resposta, informa ao grupo da característica positiva que resalta de si mesma/o.
 - Pásalle o espello á seguinte compañeira ou compañeiro.
- Recóllense por escrito as características positivas destacadas por cada persoa.

Así me vexo e así me ven

- Iníciase un diálogo en grupo animado pola/o profesora/or:
 - O grupo está de acordo coa característica positiva que cada persoa puxo de si mesma?
 - En que condutas demostra a compañeira ou compañeiro a característica positiva que destaca de si mesma/o?
- Como fin do diálogo en grupo, elabórase unha cariña ou sinálase unha personaxe (emoticona) para cada persoa que exprese a característica positiva que a representa.

1.2. Situación individual e de grupo.

- Trátase dun exercicio para evidenciar as características positivas do alumnado da clase.
- A/O profesora/or entrégalle a cada alumna ou alumno unha tarxeta en branco. Cada persoa escribe nela o seu nome.
- Unha vez escritas as tarxetas cos nomes, distribúense ao chou entre os membros do grupo clase.
- A/O profesora/or indica que en cada tarxeta hai que escribir unha característica positiva que observaran nesa compañeira ou compañeiro. As tarxetas irán rotando pola aula para que todas as persoas escriban algo sobre as demais.
- Finalizado o proceso, a/o profesora/or recolle as tarxetas e devólvellas ao seu titular. Cada persoa comentaralle individualmente ao grupo clase como a ven as compañeiras e os compañeiros.
- Cada alumna e alumno elabora persoalmente as súas conclusións.

Temporalidade

A actividade desenvólvese na titoría e é necesario para cada exercicio unha sesión de 50 minutos.

Actividade 2

Cóñecerse supón reflexionar sobre as propias características. Neste caso ímonos aproximar aos intereses, habilidades e aptitudes das alumnas e dos alumnos a través da análise dos gustos e das obrigas que consideran que deben atender prioritariamente.

Obxectivos

O alumnado será capaz de:

- Recoñecer os propios desexos, habilidades e/ou dificultades para perfilar o que a persoa é e o que lle gustaría ser.
- Descubrir que as afeccións, os gustos e os intereses están relacionados co mundo do traballo.
- Identificar aptitudes/habilidades esenciais que se extraen da experiencia vital e serven para a vida laboral.
- Cuestionar as atribucións tradicionais de xénero en relación ás aptitudes e ás habilidades.

Desenvolvemento da actividade

2.1. Situación individual e por parellas.

- Cada alumna e alumno individualmente recompilará imaxes (fotos, viñetas, recortes, etc.) que recollan diversas situacións, que constitúan boas lembranzas en relación ao tempo pasado: lecer, lecturas, vacacións, xogos, lugares, amizades, mascotas, música, pasatempos, etc.
- Por parellas, cada compañeira ou compañeiro explicalle á outra persoa o que representa para si cada imaxe recollida (afeccións, gustos, intereses, etc.). Xuntas farán unha síntese do que cada persoa sabe facer, do que lle gusta facer e das súas obrigas.

Os meus gustos e obrigas

2.2. Situación de grupo.

- Cada membro da parella exponlle ao grupo clase unha síntese sobre a súa compañeira ou o seu compañeiro. Isto vai evitar que as persoas se sintan intimidadas ao falar de si mesmas en grupo.
- O grupo clase dirá que aptitudes/habilidades destacan en cada compañeira/o a partir dos gustos, intereses e afeccións sinaladas.
- Debate sobre a imaxe que o grupo lle asigna a cada membro. Pensar entre todo o grupo que profesións/oficios lle poderían gustar a cada persoa segundo as súas aptitudes e habilidades.
- A/O profesora/or conducirá o debate e a reflexión sobre como distintas opcións profesionais implican diferentes aptitudes/habilidades e promoverá unha revisión crítica das atribucións profesionais tradicionais en relación ao xénero. Realizar un cadro onde se recolla esta relación.

2.3. Situación individual.

- Logo do debate, cada alumna ou alumno fará unha reflexión individual sobre o traballado anterior. Examinará os seus gustos, afeccións, intereses, aptitudes e habilidades (mundo persoal) e relacionaralos coas profesións/oficios que mellor se adecúan ás súas características.

Temporalización

A actividade iníciase ao final dunha sesión de titoría (10-15 minutos) e continúaase na casa coa selección de imaxes, fotos e recortes que representen boas lembranzas. Serán precisas tres sesións de titoría de 50 minutos para rematar a actividade.

Actividade 3

A exploración de si mesma/o tamén se debe aproximar ás aspiracións e expectativas de futuro do alumnado axudando a cada persoa a coñecer os condicionantes persoais e sociais que a inflúen co fin de que elixa o seu futuro con liberdade e autonomía.

Obxectivos

O alumnado será capaz de:

- Indagar nas aspiracións persoais e nas expectativas de futuro.
- Analizar os estereotipos que se dan na atribución de calidades profesionais segundo o xénero.
- Conseguir autonomía e reafirmación de si mesma/o, sendo consciente de que a imaxe proxectada está tamén condicionada pola opinión das demais persoas.

Desenvolvemento da actividade

3.1. Situación individual.

- Cada alumna ou alumno selecciona imaxes pertencentes ao mundo laboral que representen como se ve dentro de dez anos. Na selección debe ter en conta os seus desexos, intereses e valores. As imaxes poden ser tiradas de revistas, xornais, internet, etc.
- A/O profesora/or indicará que acompañen as principais imaxes (mínimo catro) cunha autonarración do seleccionado e que sinalen por que se escolle cada imaxe e o que representa persoalmente.
- O alumnado confecciona individualmente unha colaxe. A/O profesora/or remarcará que debe ser un traballo autónomo e secreto e motivará ás alumnas e aos alumnos a preservar a autoría da colaxe para poder realizar con éxito a actividade.
- O alumnado entrégalle á/ao profesora/or os traballos. Todos serán realizados en cartolina branca idéntica, facilitada ao inicio da actividade pola/o profesora/or.

3.2. Situación de grupo e individual.

- A/O profesora/or móstralle ao grupo clase as distintas colaxes realizadas. Entre toda a clase opinan se corresponde a unha moza ou a un mozo. É importante que as alumnas e os alumnos expliquen a razón de cada asignación e a escriban individualmente nos seus cadernos.
- As/Os autoras/es de cada colaxe non deben identificarse na posta en común.
- Debate en gran grupo sobre as observacións realizadas polo alumnado ás distintas creacións presentadas. Convén que o profesorado motive a análise en profundidade dos estereotipos que inflúen na atribución de roles e imaxes a distintas persoas segundo sexan mulleres ou homes.
- Elaboración dunha síntese en grupo e individual.

Temporalización

A actividade iníciase nunha sesión de titoría indicándolle ao alumnado que busque imaxes (10 minutos). Nesa mesma semana traballarán en lingua a autonarración e en plástica a técnica de confección dunha colaxe.

Para o resto dos exercicios serán precisas dúas sesións de titoría de 50 minutos.

Actividade para nais e pais

A negociación é unha habilidade que hai que desenvolver nas familias para que estas se enfronden de xeito sinxelo á resolución de conflitos. A negociación é tamén fundamental á hora de tomar decisións consensuadas que satisfagan a todas as persoas implicadas.

Obxectivos

- Coñecer a influencia familiar nas decisións das fillas/os.
- Analizar os problemas para que se poidan considerar todos os puntos de vista e detectar as causas que os orixinan.
- Buscar solucións ou estratexias comúns, deseñadas e aceptadas por todas/os.
- Valorar e recoñecer na familia o que fan e din mulleres e homes.

Desenvolvemento da actividade

1. Situación individual e de grupo.

- A/O profesora/or traballa, de modo asembleario coas nais e cos pais, a importancia que ten que as fillas e os fillos tomen decisións en distintos eidos para que aprendan a decidir de xeito autónomo e, asemade, a respectar tamén as opinións dos seus proxenitores, amizades, etc. Para motivar o debate poden iniciar a actividade lendo o texto do caderno de actividades correspondente a este exercicio.
- A/O profesora/or tentará que as nais e os pais cheguen a consensos nos debates e faralles ver a importancia de conseguilos na comunicación coas/os adolescentes.

O consello de familia: a negociación

2. Situación en pequeno grupo (parellas) e en gran grupo.

- Acadados certos consensos a través do exercicio anterior, a/o profesora/or pídelles ás nais e aos pais que identifiquen temas ou situacións problemáticas que se presentan na familia e sobre os que é preciso tomar decisións que teñan en conta as opinións dos diferentes membros. Unha vez nomeados os problemas, nun segundo momento, as nais e os pais tentarán establecer posibles estratexias sobre como tratarlos.
- Posta en común en gran grupo dos aspectos arriba sinalados. Recoller unha síntese do traballo realizado analizando os pros e os contras das técnicas de solución de problemas propostas.

3. Situación individual e de grupo.

- Presentar o “consello de familia” como técnica útil para tratar temas ou problemas que afectan á familia no seu conxunto e ante os que todos os membros deben opinar.

O CONSELLO DE FAMILIA

Reunión familiar na que se pretende que todos os membros da familia poidan opinar sobre un tema ou problema que afecta a familia no seu conxunto.


Persegue que:

- O tema/problema sexa analizado entre todas/os de forma que se poidan considerar todos os puntos de vista e detectar as causas que o orixinan.
- Que entre todas/os se busque unha solución, ou estratexias, común, deseñada e aceptada por todas/os.

Adaptado de Álvarez Rojo, V. e Bonilla, G. (1999). *El futuro profesional de nuestros hijos*. Madrid: EOS. 31-32.

Actividade para nais e pais

Desenvolvemento do consello de familia



Adaptado de Álvarez Rojo, V. e Bonilla, G. (1999). *El futuro profesional de nuestros hijos*. Madrid: EOS. 32-33.

- Presentarles, así mesmo, ás nais e aos pais o decálogo da negociación:

Decálogo da negociación

1. Comezar sempre por algo positivo (se é posible). Isto facilita a receptividade da outra persoa e a súa colaboración.
2. Ser específica. O obxecto de discusión, ou o problema que se vai tratar, debe ser descrito con claridade.
3. Discutir só un problema/cuestión de cada vez.
4. Expresar os sentimentos.
5. Admitir o propio papel no problema que se discute.
6. Ser breve na definición do problema que motiva a negociación.

O consello de familia: a negociación

7. Centrarse na busca de solucións.
8. Ofrecer axuda no proceso de cambio da conduta da outra persoa e mostrar dispoñibilidade á reciprocidade.
9. Analizar vantaxes e inconvenientes da solución proposta.
10. Fixar especificamente os acordos de cambio e formulalos claramente.

Adaptado de Maciá, D. (2000). *Un adolescente en su vida*. Madrid: Pirámide. 157-159.

- Realizar un traballo individual no que se planifique unha sesión do consello de familia sobre unha temática relativa á toma de decisións na adolescencia.
- Constituír grupos pequenos que dramatizen durante 20-30 minutos a posta en escena da técnica elixindo unha das propostas individuais achegadas.
- A/O moderadora/or debe recoller os problemas presentados, as intervencións, as aclaracións e explicacións pedidas, as decisións adoptadas, etc.
- En gran grupo poñer en común os problemas detectados, a utilidade da técnica, as dificultades atopadas e o respecto das regras de negociación dentro de cada pequeno grupo. Facer unha síntese das conclusións consensuadas no gran grupo.
- Cada participante fará unha autonarración da experiencia vivida, da utilidade da técnica aprendida, das dificultades que presenta, das posibilidades de resolución de conflitos familiares que chega, etc.

Temporalidade

A actividade desenvólvese con nais e pais en dúas sesións de 50 minutos cada unha. Na primeira trabállase a toma de decisións e a identificación de problemas familiares e os seus tratamentos. Na segunda, porase en práctica a técnica de negociación familiar denominada "consello de familia".

É importante que o centro educativo marque estas sesións en horario compatible coas xornadas laborais de nais e pais buscando que ás sesións acudan ambos os dous proxenitores.



Unidade
A família

2

Fundamentación

A familia, como principal axente de socialización, cumpre un papel imprescindible, xunto coa escola, no desenvolvemento persoal e na educación de nenas e nenos. Ademais, constitúe un núcleo determinante na transmisión de coñecementos e na transición á vida sociolaboral, favorecendo os procesos de toma de decisións.

A familia participa nos procesos de socialización, favorecendo a transmisión de modelos educativos, así como á construción da identidade de xénero (roles, nescos, estereotipos...) e do futuro persoal, social e laboral da mocidade.

Neste proceso de construción da identidade de xénero, a familia é o primeiro espazo no que se reparten os roles, funcións, expectativas e características que se asignan como propios da muller ou do home. Estas expectativas sociais sobre o comportamento feminino e masculino son construcións que conteñen aspectos sobre si mesmas/os, trazos psicolóxicos e roles sociais, familiares e ocupacionais.

Os roles que desempeñan nais e pais dentro da familia, os seus xuízos de valor, os sentimentos persoais e as expectativas que xeran, transmiten pautas de comportamento, afirmacións, modelos, valores, actitudes, normas, gustos, expectativas... diferenciadas para as nenas e os nenos. Este proceso de aprendizaxe social denominámolo *socialización diferenciada*.

Esta socialización diferenciada introduce roles distintos para rapazas e rapaces. Pero o verdadeiramente importante non é a diferenza de roles, senón a xerarquía que se establece entre eles. O rol tradicionalmente masculino está asociado ao ámbito público e é un rol de prestixio porque implica poder, independencia económica e status social. Por outro lado, o rol tradicionalmente feminino está asociado ao ámbito privado, un ámbito non valorado nin social nin economicamente.

Esta socialización diferenciada dentro da familia favorece, ao igual que no resto dos espazos sociais (escola, medios de comunicación, grupo de iguais...), a aparición de prácticas sociais sexistas, que fomentan a desigualdade e a discriminación por razón de xénero nos diferentes ámbitos da sociedade, sobre todo no eido sociolaboral.

Como se favorece o sexismo dentro da familia?

- Cando nais e pais utilizan unha linguaxe na que o xénero feminino está desvalorizado: "os nenos non choran", "pareces unha nena", "as rapazas son unhas rexoubeiras".

- Cando se utilizan diminutivos coas rapazas e aumentativos cando nos referimos aos rapaces.
- Cando se lles transmite a fillas e fillos que determinadas tarefas e roles son exclusivamente de mulleres ou de homes.
- Cando se realiza un uso diferenciado de xoguetes para nenas e nenos.
- Cando lles transmitimos ás nosas fillas e fillos que os pais son os cabeza de familia e que as nais teñen dispoñibilidade total para os labores domésticos e o coidado do resto da familia.

Partindo deste escenario nesta unidade preséntase unha serie de actividades que, desde o ámbito familiar, teñen como finalidade traballar aspectos relacionados coa formación da identidade de xénero e a transformación dos estereotipos que están a influír na libre elección de actividades profesionais de rapazas e rapaces, favorecendo o camiño cara aos procesos de orientación que ofrezan novas posibilidades profesionais non condicionadas polo xénero.

Actividades da unidade

Co alumnado

- *“Na túa casa, quen fai que?”*
- *“Que esperan miña nai e meu pai de min?”*
- *“O caso de Xiana”.*

Con nais e pais

- *“Os valores da nosa familia”.*

Actividade 1

Partindo dunha análise feita polo propio alumnado buscaremos explicitar as posibles asimetrías existentes no desenvolvemento daquelas tarefas realizadas no seo do ámbito doméstico. Evidenciar a situación de asimetría entre as tarefas asignadas ás mulleres e as asignadas aos homes constitúe un paso previo para espertar nas alumnas e nos alumnos un pensamento crítico ao respecto que facilite a posterior aparición de actitudes equiparadoras e positivas.

Obxectivos

O alumnado será capaz de:

- Desenvolver actitudes críticas e construtivas cara aos roles tradicionais femininos e masculinos no ámbito do fogar.
- Tomar conciencia sobre a necesidade da corresponsabilidade das mulleres e dos homes no traballo doméstico e produtivo.
- Acadar un maior recoñecemento e valoración social das tarefas domésticas e das responsabilidades familiares.

Desenvolvemento da actividade

1.1. Situación individual.

- Presentación ao alumnado da ficha do caderno de actividades onde se reflicten as tarefas domésticas que habitualmente se realizan nun fogar. Poden ser engadidas outras que se consideren relevantes tanto polo profesorado como polo alumnado. As alumnas e os alumnos individualmente sinalan as persoas da súa familia (eu, nai, pai, irmá...) que as realizan con máis frecuencia.
- Sobre a ficha anterior, o alumnado indica que tarefas se fan todos os días e cales á semana. Posteriormente, contabilízase o tempo diario que lles dedican as persoas da casa. Cando as tarefas non sexan diarias farase un cálculo proporcional tomando como referencia o tempo que correspondería a un día.

Na túa casa, quen fai que?

- Deseguido, as alumnas e os alumnos calculan o tempo libre do que dispón ao día cada persoa da familia.
- Finalmente, o alumnado clasifica as tarefas que considera imprescindibles e prescindibles e reflexiona sobre que membros da familia as desenvolven preferentemente.

1.2. Situación de grupo.

- Organízase a aula en pequenos grupos (de 3 a 6 persoas) e as alumnas e os alumnos comparan e analizan as semellanzas e diferenzas entre as distintas fichas persoais. Como síntese elaboran un cadro resumo.
- Posta en común no grupo clase das conclusións recollidas nos pequenos grupos de traballo e elaboración dun cadro resumo final. Apertura dun debate onde se formulen cuestións centradas nos seguintes aspectos:
 - A diferente distribución de tarefas e de tempos na familia e a conseguinte repartición de roles.
 - A utilidade e valor do traballo doméstico.
 - O recoñecemento da necesidade da corresponsabilidade e os cambios que isto supón na repartición das tarefas no ámbito familiar.

Temporalidade

A actividade realízase no espazo da titoría e é necesario para o desenvolvemento de cada exercicio unha sesión de 50 minutos.

Actividade 2

As expectativas profesionais das familias en relación a fillas e fillos están claramente mediadas por prexuízos de xénero. Mesmo a propia elección profesional de rapazas e rapaces aparece radicalmente influenciada por tales nesgos. É, pois, conveniente iniciar un avance na dirección de poñer de manifesto o peso destas estruturas sobre as expectativas profesionais e académicas para que alumnas e alumnos poidan construír un imaxinario persoal liberado de ataduras estereotipadas.

Obxectivos

O alumnado será capaz de:

- Explorar cales son as expectativas con respecto ao seu futuro profesional.
- Contrastar as súas expectativas coas que teñen as súas nais e os seus pais.
- Tomar conciencia da influencia que teñen estas expectativas nos procesos de toma de decisións sobre a elección profesional e cuestionar as diferentes esixencias que se fan segundo o xénero.
- Coñecer os comportamentos estereotipados que se establecen no ámbito familiar en relación á súa futura ocupación.
- Explorar as diversas formas de resolver de xeito óptimo as situacións de conflito.

Desenvolvemento da actividade

2.1. Situación individual.

- Iníciase o traballo coa tarefa individual de cubrir diferentes fichas sobre as expectativas persoais e familiares. As cuestións están centradas en torno a dúas dimensións básicas.
 - Que lles gustaría estudar?
 - Que tipo de traballo lles gustaría desempeñar?
- Recollida directa das opinións das nais e pais utilizando as mesmas fichas.
- É importante recoller a proxección futura que fan as nais e os pais preguntándolles que esperan se en vez de ser unha filla fose un fillo, ou viceversa, co fin de explorar

Que esperan miña nai e meu pai de min?

as ideas implícitas da familia que poidan estar condicionando a posterior toma de decisións profesionais.

- Reflexión e comparación entre as expectativas propias e as familiares e análise das diferenzas polo feito de ser moza ou mozo.

Este proceso farase co acompañamento da profesora ou profesor, individualmente ou en pequenos grupos, axudando ao alumnado a descubrir as súas propias opcións, a resolver as discrepancias e a explorar a súa propia traxectoria de vida.

A sesión de titoría estará orientada a analizar os seguintes aspectos:

- As alumnas e os alumnos falan nas súas casas destas cuestións?
- As expectativas das fillas e dos fillos coinciden coas das nais e dos pais?
- Cales son os aspectos que máis sorprenden ao alumnado sobre as expectativas que teñen as súas nais e os seus pais?
- Cal é o nivel de crenza atribuído á influencia das opinións maternas e paternas sobre a elección dos estudos e das profesións?
- Aprecian diferenzas nas expectativas familiares segundo sexan mozas ou mozos?
- No caso de posibles discrepancias coa familia, como resolverían asertivamente a situación? Que decisións adoptarían?

2.2. Situación de grupo.

- Debate na aula sobre a influencia das expectativas familiares e dos comportamentos estereotipados en relación á futura elección profesional de mozas e mozos.
- Resumo das conclusións do debate.

Temporalidade

Iníciase a actividade cunha sesión de titoría de 50 minutos na aula e continúaase cun exercicio de entrevista na casa á nai e ao pai. Remátase o traballo na titoría con outra sesión de 50 minutos.

Actividade 3

As diversas posibilidades da opcionalidade académica e profesional poden tensionar ocasionalmente o ámbito familiar. Con todo, alumnas e alumnos deberán adquirir pautas de acción para afrontar estas situacións e ser quen de resolvelas máis alá dos clichés que impoñen os estereotipos de xénero. Esta actividade pretende propoñer un modelo situacional e diseña diversos formatos de actuación para alumnas e alumnos.

Obxectivos

O alumnado será capaz de:

- Reflexionar sobre os distintos estilos de enfrontamento de problemas e poñer de manifesto actitudes que favorezan a resolución de conflitos.
- Coñecer os comportamentos estereotipados que se establecen no ámbito familiar e escolar en relación á elección profesional de mozas e mozos.

Desenvolvemento da actividade

3.1. Situación individual e de grupo.

- Presentación ao alumnado do texto que se inclúe no caderno de actividades. Este texto fai referencia a unha situación conflictiva na que se encontra Xiana, unha rapaza de 16 anos.
- Realizar unha primeira lectura en grupo do texto, para poder aclarar calquera dúbida de comprensión que poida xurdir. Posteriormente, traballar o texto individualmente, co fin de que cada alumna e alumno realice unha segunda lectura e anote aquelas cuestións que lle chamen a atención ou lle resulten máis interesantes para comentalas despois co resto de compañeiras e compañeiros.
- Formar pequenos grupos de traballo (3-5 persoas) para reflexionar sobre as seguintes cuestións:
 - Descrición dos personaxes que interveñen no texto.
 - Temas que se tratan no texto.

O caso de Xiana

- Opinións sobre as posturas que adoptan os distintos personaxes con respecto á elección profesional de Xiana.
- Identificación e reflexión sobre as diferenzas na educación de Xiana dentro da familia.
- Busca de estratexias asertivas de resolución de situacións problemáticas.

3. 2. Situación de grupo.

- Posta en común das diferentes opinións dos grupos de traballo. O profesorado debe estruturar as distintas respostas coa finalidade de poder establecer un debate final e as consecuentes conclusións da actividade. Nesta fase é importante facer reflexionar ao grupo sobre as diferentes formas de afrontar unha situación problemática (enfrentamento, submisión, negociación), as actitudes que implica (respecto mutuo, tolerancia, actitude cooperativa, empatía, etc.) e as consecuencias que se derivan das distintas opcións.

Temporalidade

A actividade desenvólvese en dúas sesións de titoría de 50 minutos.

Actividade para nais e pais

No ámbito familiar cultívanse determinados valores que é necesario facer aflorar xa que estes configuran as bases axiolóxicas sobre as que se constrúe a educación informal de fillas e fillos. Cómpre así reflexionar sobre cales son os valores que aparecen como fundamentadores de cada unidade familiar determinando cal é a influencia destes sobre as prácticas relacionadas coa presenza ou ausencia da discriminación de xénero no seo da familia.

Obxectivos

- Recoñecer e priorizar os valores que se transmiten dentro da familia.
- Coñecer a influencia familiar na transmisión de valores e nos procesos de toma de decisións das fillas e fillos.
- Aprender a dialogar sobre os valores familiares.

Desenvolvemento da actividade

1. Situación de grupo.

- Iníciase a actividade cun remuíño de ideas en torno ao concepto de valor, coa finalidade de detectar o coñecemento previo que o grupo ten sobre os valores. A/O profesora/or promoverá a expresión das concepcións que as persoas participantes teñen sobre o termo, as confusións con outros conceptos, etc.
- As diferentes achegas serán anotadas no encerado coa intencionalidade de servir de apoio para explicar todo o que se considere necesario, segundo as características do grupo, para unha adecuada comprensión do concepto de valor.

2. Situación individual.

- De forma individual ou por parellas (no caso de que participen unha nai e un pai da mesma familia) as/os participantes responderán a unha serie de cuestións relacionadas cos valores familiares. As preguntas serán presentadas en tarxetas nas que se escribirán os seguintes textos:

Os valores da nosa familia

COAS NOSAS EXPECTATIVAS SOBRE AS CUALIFICACIÓNS ESCOLARES QUE VALORES TRANSMITIMOS?

CO NOSO EXEMPLO QUE VALORES TRANSMITIMOS SOBRE OS ROLES FEMININOS E MASCULINOS?

QUE VALORES TRANSMITIMOS SOBRE O TRABALLO REMUNERADO ÁS/AOS FILLAS/OS?

QUE VALORES TRANSMITIMOS SOBRE O TRABALLO NON REMUNERADO ÁS/AOS FILLAS/OS?

QUE VALORES TRANSMITIMOS SOBRE A AMIZADE ÁS/AOS FILLAS/OS?

Actividade para nais e pais

- As tarxetas serán todas iguais e as respostas anónimas. Unha vez cubertas as tarxetas serán recollidas ou depositadas nunha caixa, bolsa, etc.

3. Situación grupal.

- Divídese a clase en varios grupos (de 4 a 8 membros) e distribúense as tarxetas ao chou entre os grupos.
- Cada grupo realiza unha análise das tarxetas e contabiliza os valores que máis se repiten para cada apartado temático. Unha vez obtidos os resultados debuxará unha pirámide onde se recollan os cinco valores máis destacados e analizará e comentará eses valores prioritarios.
- Posta en común do traballo realizado en pequenos grupos e elaboración dunha única clasificación (pirámide) para cada apartado temático. A/O profesora/or terá que motivar e favorecer que as nais e os pais amosen os seus acordos e desacordos coas respostas contabilizadas.
- Debate en gran grupo. Débese provocar a participación do maior número de persoas e a explicitación das conclusións ás que se chegou a través da posta en común. Abrir o debate cara ás seguintes cuestións:
 - Existen nas familias valores dos que nunca se falou abertamente?
 - Consideran que as mozas e mozos están de acordo cos valores que se transmiten nas familias?
 - Existe diferenza entre os valores que se lles transmiten actualmente ás fillas e aos fillos e os que lles transmitiron as súas nais e os seus pais? En que aspectos?
 - Pensan algunha vez como educan ás fillas e aos fillos? A súa conduta apoia os valores que lles transmiten ás fillas e aos fillos? Poñen en práctica o que din?
 - Que roles de xénero aprenderon as fillas e os fillos na casa ao observar e interiorizar os seus comportamentos?

Os valores da nosa familia

- Os valores que se transmiten na casa están en consonancia cos que se aprenden no centro escolar?

Temporalidade

A actividade abrangue un mínimo de tres sesións de traballo con nais e pais, de 50 minutos cada unha.

Na primeira sesión trabállase o concepto de valor e os valores máis importantes que queremos transmitirles ás mozas e aos mozos. Na segunda inténtase establecer unha priorización dos valores que se trasmiten na familia e na terceira, a través do debate, búscase chegar a consensos sobre o traballo realizado nas dúas sesións anteriores.



Unidade **3**
**O centro escolar
e o sistema educativo**

Fundamentación

Durante a etapa educativa da educación secundaria obrigatoria (ESO) alumnas e alumnos comezan a sentir a necesidade de proxectar unha ollada que incremente o seu coñecemento sobre a realidade educativa que forma parte do seu contexto vital inmediato: o centro escolar e o seu funcionamento, as materias académicas e a súa optatividade, as relacións interpersoais establecidas no instituto, a participación familiar nas estruturas educativas... Loxicamente esta ollada aparece enmarcada polos formatos de pensamento do alumnado onde atopan acubillo estereotipos vixentes socialmente e moi enraizados no pensamento individual. Entre estes estereotipos salientan aqueles que se relacionan coa sobrevivencia dunha perspectiva androcéntrica e coa discriminación de xénero.

Preséntase pois a necesidade de dirixir, desde os postulados dunha educación integral, aquela ollada adolescente para alcanzar simultaneamente, por un lado, o desenvolvemento dunha perspectiva de tipo crítico no alumnado que permita unha lectura da realidade existente para ser mellorada e, por outro lado, a desactivación das aínda profundas marcas de carácter sexista que persisten dentro da institución escolar e que condicionan o seu funcionamento.

Esta é a razón pola que a unidade que propoñemos busca marcar pautas para que alumnas e alumnos poidan desenvolver, desde un posicionamento crítico, un achegamento analítico ás estruturas e ao funcionamento do centro escolar orientando este achegamento a partir da perspectiva de xénero. Isto permitirá posteriormente a toma de decisións en relación aos camiños que a optatividade lles permite a alumnas e alumnos. Tan só deste xeito posúe pleno sentido unha aproximación á realidade das estruturas educacionais coas que o alumnado convive cada día, que pretenda ser, en última instancia, liberadora e xusta. Así pois, as metas que se pretenden acadar poderían ser concretadas nas seguintes:

- Desenvolver actitudes positivas cara a unha/un mesma/o e cara á realidade.
- Acadar capacidades para obter as informacións necesarias e poder formular eleccións desprovistas de calquera prexuízo, especialmente en relación ao xénero.

O centro escolar e o sistema educativo

- Quebrar os estereotipos sexistas que permanecen ocultos no funcionamento dos centros escolares.
- Favorecer a colaboración de nais e pais co centro escolar desde unha perspectiva non sexista.
- Promover a reflexión no alumnado como instrumento para detectar eivas estruturais e funcionais no seo da institución escolar.
- Crear entre os membros da comunidade escolar actitudes de rexeitamento cara calquera tipo de discriminación con base no xénero.
- Potenciar o coñecemento da estrutura do sistema educativo promovendo que a toma de decisións persoais sexa responsable e libre de estereotipos sexistas.

Actividades da unidade

Co alumnado

- *“Este é o noso instituto”.*
- *“Preferencias persoais”.*
- *“Buscando camiños”.*

Con nais e pais

- *“Os pais e nais tamén van ao insti”.*

Actividade 1

Con frecuencia o alumnado descoñece amplos aspectos relacionados coa configuración ou o funcionamento dos seus propios centros escolares. Esta actividade pretende pois unha aproximación aos espazos, ás persoas e ás funcións que no centro escolar se desenvolven para chegar ao coñecemento deses ámbitos por medio da propia reflexión e mais da investigación cooperativa. A partir do coñecemento a meta é a detección e a explicitación de parámetros de funcionamento discriminatorio en función do xénero dentro da propia institución escolar.

Obxectivos

O alumnado será capaz de:

- Analizar e coñecer en profundidade os diferentes factores que conforman o propio centro educativo (persoal, espazos, recursos...).
- Percibir a sobrevivencia de nesgos enraizados na variable "xénero" dentro do ámbito escolar.

Desenvolvemento da actividade

A partir dun suposto hipotético o alumnado achegarase á realidade do centro educativo. Trátase de que alumnos e alumnas cheguen a percibir o denominado "currículo oculto" na propia institución educativa (as marcas sexistas que aínda permanecen ocultas nos centros escolares a pesar dunha aparencia de ausencia completa de discriminación sexista). A actividade configura un proceso de investigación guiada, referida aos distintos aspectos conformadores da realidade funcional do centro.

1.1. Situación individual e grupal.

- Encétase a actividade cun remuíño de ideas en relación aos coñecementos e crenzas individuais do alumnado sobre o propio centro. Para que este remuíño de ideas sexa realmente efectivo vai ser necesario partir dunha preparación adecuada deste. A/O profesora/or desenvolve un papel fundamental, ao asumir especialmente o perfilado correcto dos tres ámbitos nos que se deberá centrar a reflexión previa de cada alumna/o e a posterior exposición de ideas:
 - Centro escolar.
 - Persoas que traballan no centro.
 - Espazos e recursos do centro.

Este é o noso instituto

- Con posterioridade realízase unha síntese e recóllense as conclusións de maior relevancia.

1.2. Situación de grupo.

- Constitúense equipos de traballo de cara a desenvolver un proceso de investigación para atopar diferentes marcas de tipo sexista en varios eidos configuradores do centro escolar:
 - Contorna do centro escolar (bisbarra inmediata ao centro).
 - Espazos e recursos.
 - Profesorado.
 - Alumnado.
 - Órganos de goberno.
 - Outras persoas que traballan no centro.

Loxicamente, e dada a complexidade da investigación —a busca de aspectos a miúdo ocultos para unha ollada superficial— e a probable inexperiencia do alumnado ao respecto, farase necesaria unha orientación constante por parte da/o profesora/or.

- A posta en común e o coloquio que a acompaña deberán facilitar unha achega a aqueles fenómenos de discriminación oculta ou evidente de xénero que presentan maior relevancia. Por iso, un proceso guiado polo profesorado faise outra vez imprescindible.

1.3. Situación individual.

- Cítanse varias afirmacións e solicítase do alumnado que exprese a súa opinión persoal ao respecto. Esta opinión non deberá ser de tipo xeral —en termos de “estou de acordo” ou “non o acepto”— senón que incorporará matices e explicacións. Polo tanto, é aconsellable indicar unha extensión mínima e axeitada na resposta.

Temporalidade

A actividade desenvólvese na titoría en dúas sesións de 50 minutos. No remate da primeira sesión explícaselle ao alumnado que, organizado en grupos, debe facer unha investigación, ao longo da semana, sobre un tema que se lle asigna. Para levar a cabo a investigación os equipos de traballo precisarán da colaboración de diversas/os informantes.

Actividade 2

O alumnado ten que tomar conciencia da asignación estereotipada de determinadas tarefas a cada un dos xéneros, tanto nos límites do ámbito doméstico como fóra deste. A actividade busca, pois, facilitar a reflexión ao respecto e tamén promover no alumnado avances na liña de superación desta situación que, ademais, aparece a miúdo opaca para calquera ollada superficial ou apresurada.

Obxectivos

O alumnado será capaz de:

- Tomar conciencia da atribución de tarefas asignadas estereotipadamente para homes e mulleres.
- Desenvolver unha conciencia crítica ante a inxustiza que significa a repartición de tarefas en base ao xénero das persoas.
- Diseñar alternativas vivenciais que lle permitan a cada persoa asumir tarefas que tradicionalmente non executaba.
- Confrontar a visión das rapazas e dos rapaces en relación á problemática da repartición sexista das tarefas.

Desenvolvemento da actividade

Tómase como punto de partida da actividade unha visita de duración media a un parque natural que implique a convivencia do alumnado e tamén a realización de diferentes tarefas de intendencia necesarias.

2.1. Situación individual.

- Cada alumna e alumno reflexiona sobre cales son as tarefas que máis lle agradan e cales as que lle resultan menos atractivas. Igualmente propón esta reflexión ao grupo, facendo predicións sobre cales serán os gustos das demais compañeiras e compañeiros. O resultado deste proceso de reflexión será recollido na ficha que se acompaña no caderno de actividades.

2.2. Situación de grupo.

- A partir do paso anterior procédese a unha explicitación das opcións preferidas e das rexeitadas de tal xeito que sexa factible analizar a posible existencia de eleccións estereotipadas en base ao xénero. Esta explicitación resultará fundamental para que alumnas e alumnos perciban a presenza de parámetros ocultos que orientan as actividades identificadas preferentemente coas categorías feminina e masculina e que, á súa vez, determinan solapadamente as eleccións de actividades “propias”. As eleccións maioritarias plasmaranse na ficha correspondente do caderno de actividades.
- A mesma recolleita de conclusións leva o alumnado a tratar de atopar as causas de que tal elección se producira. Para iso proporase un intercambio de opinións ou debate entre todos os membros da clase.
- Despois da reflexión e intercambio anterior procederase a un deseño (recollido na ficha correspondente do caderno de actividades) da repartición das tarefas que se van realizar. Será necesario que o profesorado insista na necesidade de superación de calquera marca sexista implícita, polo que deberá supervisar o desenvolvemento desta fase.
- A última fase consiste na proxección sobre o eido dos currículos escolares e na análise, por parte de alumnas e alumnos, da posibilidade da existencia de materias ou áreas didácticas que son percibidas xeralmente como máis axeitadas para mulleres que para homes ou viceversa. Será interesante a contraposición das opinións ao respecto entre as alumnas e os alumnos. Estas opinións recolleranse tamén na ficha do caderno de actividades.

2.3. Situación individual.

- As alumnas e alumnos deben propoñer medidas para a superación do sexismo estereotipado na elección de tarefas. Resulta de grande importancia que as devanditas medidas sexan de carácter realista, concretas e verificables; igualmente terán que ir dirixidas aos contextos familiares e escolares nos que cada alumna e alumno se move. Aquí alcanza moita relevancia o papel do profesorado que deberá evitar a consabida enumeración de accións xenéricas ou descontextualizadas.

Actividade 2

2.4. Situación de grupo.

- As alumnas e alumnos reflexionan e expoñen os seus diversos puntos de vista sobre dúas afirmacións referidas á igualdade de oportunidades, tanto na sociedade en xeral como no seo da institución escolar. Será función do profesorado guiar sutilmente o debate para que cadaquén poida percibir que unha cousa son as aparencias e outra, considerablemente distinta, as realidades.

2.5. Situación individual.

- Partindo dun suposto, posible no contexto dun centro escolar común, inténtase que alumnas e alumnos reflexionen sobre un aspecto específico tradicionalmente asignado de xeito preferente ao ámbito feminino: o da hixiene e a limpeza. As cuestións que se propoñen tan só pretenden fomentar a reflexión sobre a atribución estereotipada a partir de nesgos sexistas. Será o propio alumnado quen obteña conclusións ao respecto que faciliten a percepción de tratamento diferenciado para rapazas e rapaces ante esta cuestión. A/O profesora/or deberá explicar que se trata tan só dun exemplo para a reflexión e que este tipo de análises poderían ser propostas en moitos outros eidos da vida cotiá.

Preferencias persoais

Temporalidade

A actividade desenvólvese en dúas sesións de titoría de 50 minutos cada unha.

Actividade 3

A necesidade de optar ou seleccionar aparece reiteradamente ao longo de calquera percorrido biográfico. Afrontar correctamente esta opcionalidade leva aparelado o coñecemento de cada unha das alternativas posibles, dos seus contidos, dos significados profundos destas, ademais das súas consecuencias. No eido estritamente educacional a necesidade de optar preséntase en diversos momentos ao longo do itinerario educativo. Por iso, faise necesario tanto o coñecemento en profundidade dos diferentes elementos entre os que escollerá como o alcance e consecuencias de cada unha das opcións. A actividade pretende tratar este campo a partir da propia investigación realizada polo alumnado, deixando ao descuberto a posibilidade de que exista algunha incidencia das marcas sexistas na regulación da opcionalidade que cómpre superar.

Obxectivos

O alumnado será capaz de:

- Coñecer en profundidade a estrutura e as características de cada unha das etapas do actual sistema educativo.
- Dominar o mapa de materias comúns e optativas que conforman cada etapa educativa e tamén as posibilidades de opción que oferta o propio centro escolar.
- Determinar as preferencias académicas persoais establecendo un itinerario educativo personalizado de cara ao futuro.
- Tomar conciencia dos nesgos sexistas que poden regular as opcións entre as diversas posibilidades que oferta o sistema educativo ou o centro escolar.

Desenvolvemento da actividade

3.1. Situación de grupo.

- Cada equipo de traballo deberá encetar un proceso de investigación dirixido a concretar as características máis relevantes e as materias que conforman cada unha das etapas educativas: 3º e 4º da ESO, diversificación curricular, programas

de garantía social, bacharelato e ciclos formativos. Non se trata de obter un coñecemento exhaustivo senón basicamente dos indicadores máis relevantes de cada etapa. A información obtida é plasmada por cada equipo nas fichas de traballo (*caderno de actividades*) e posteriormente exporáselle a toda a clase elaborando outra ficha na que se recollan todas as achegas.

- Ao tratarse dun proceso de investigación autónomo a/o profesora/or deberá guiar minimamente o proceso de busca para que esta se canalice cara aos aspectos de maior relevancia. Tamén tratará de sinalarlle ao alumnado, se fose necesario, as fontes principais para a obtención de información: persoal orientador, biblioteca do centro, xefatura de estudos, etc.

3.2. Situación individual.

- Téntase que cada alumna/o determine e explicita a súa situación xeral ante as diversas materias escolares: gustos, preferencias e dificultades. A partir desta reflexión cada unha/un debe cubrir as fichas que se facilitan no caderno de actividades.

3.3. Situación de grupo.

- Partindo dun suposto ficticio o alumnado deberá obter e dominar con certa exhaustividade a información (materias comúns e optativas de cada curso, posibilidades ao remate da ESO...) referida aos dous últimos cursos da secundaria obrigatoria no seu centro escolar. Como primeiro paso o alumnado expresará mediante un remuíño de ideas os seus coñecementos ao respecto. Trátase de obter unha primeira aproximación que posteriormente será completada ou corrixida.
- A información básica obtida —a miúdo incluírá erros, inexactitudes ou carencias— será ampliada mediante a recolleita de información en diversas instancias do centro escolar. O profesorado actuará novamente como guía do proceso ao orientar o alumnado cara ás fontes nas que pode obter a información.

Actividade 3

Cos resultados desta investigación elabóranse uns cadros resumo que permitan estruturar toda a información.

3.4. Situación individual.

- A primeira parte da situación vai dirixida a que as alumnas e os alumnos tomen conciencia da frecuente atribución, estereotipada e preferente, de determinadas áreas ou materias educativas a cada un dos xéneros. Para iso reflexionan sobre cales son esas materias e as causas desta categorización. A explicitación desta etioloxía pode dar lugar, se a/o profesora/or o considera axeitado, a un intercambio de ideas enriquecedor e moi interesante, en equipo ou en gran grupo. A última cuestión proposta dentro deste bloque pretende que cada alumna e alumno analice as súas preferencias persoais desde a óptica dos estereotipos sexistas.
- A segunda tarefa oríentase cara á toma de decisións persoais en relación ao futuro sobre as materias optativas que se escollerán, e tamén aos mecanismos de resolución de posibles dúbidas ao respecto.

Temporalidade

A actividade comeza cunha investigación grupal que é preciso realizar antes do inicio da sesión de titoría, polo que vai ser necesario que a titora/or teña explicado este traballo con anterioridade. Para desenvolver a actividade precisarase de dúas sesións de titoría de 50 minutos.

Actividade para nais e pais

O papel das familias, e dun xeito especial o das nais e pais, en relación aos centros escolares, alcanza unha enorme importancia. Esta relevancia pivota, entre outros, sobre o ámbito da continuidade educativa desenvolvida con respecto aos centros escolares e sobre a participación institucional nas estruturas de representación destes centros. Precisamente un dos ámbitos onde a familia posúe unha maior incidencia e unha maior necesidade de articulación coa escola é no de favorecer e facer que medren, nas rapazas e rapaces, prácticas sólidas e firmes actitudes equiparadoras en relación á dimensión de xénero. Neste campo o papel da familia ten vivido unha enorme transformación durante as últimas décadas que segue aínda en marcha.

Obxectivos

- Tomar conciencia da necesidade da participación de nais e pais na vida do centro escolar e tamén dos niveis propios de participación.
- Comprender que a familia e o centro escolar desenvolven labores educativos profundamente relacionados e que son complementarios.
- Desenvolver no seo familiar unha acción realmente coeducadora.
- Analizar as características e darlle respostas ao fenómeno do absentismo escolar, feminino e masculino, de xeito que se colabore co centro escolar desde a familia.

Desenvolvemento da actividade

1. Situación de grupo.

- Nais e pais reflexionan sobre o formato da súa participación nas actividades e no desenvolvemento institucional do centro escolar. Para iso responden ás catro cuestións da ficha proposta no caderno de actividades que permitirán determinar se o peso da relación entre escola e familia é levado pola nai, polo pai ou se mesmo se reparte dun xeito equitativo.
- Partindo das respostas obtidas no apartado anterior constrúense gráficas — poden servir simples diagramas de frecuencias— coa finalidade de visualizar os resultados da pequena enquisa inicial.

As nais e os pais tamén van ao insti

2. Situación individual.

- Trátase de reflexionar sobre a necesidade e a conveniencia de que nais e pais asuman actuacións equiparables en relación á educación das súas fillas e fillos e de fundamentar a resposta dada.

3. Situación de grupo.

- Coa finalidade de potenciar e mellorar a participación de nais e pais nos centros escolares organízase un coloquio en equipos de traballo (5 ou 6 persoas). Cómpre insistir na necesidade de que as propostas que saian deses coloquios deberán ser orixinais e imaxinativas aínda que, por suposto, perfectamente executables na realidade.
- Unha vez rematados os coloquios nos pequenos grupos realizarase unha posta en común na que se debaterán, rexeitarán ou concretarán as iniciativas para, posteriormente, redactar un documento final no que se recollan as propostas. Cada grupo ou unidade familiar deberá recibir unha copia do documento co encargo de analizar a posibilidade de implantación dalgunha das medidas no futuro inmediato.
- A última fase quere achegarse ao pasado, presente e futuro da igualdade de oportunidades no seo dos fogares como consecuencia dun tratamento máis equiparador desde o eido educativo. Para iso propóñense tres cuestións concretas que van dirixidas ao ámbito das crenzas de nais e pais. Estas preguntas darán lugar a unha posta en común na que probablemente aparezan algúns elementos de interese para a obtención de conclusións.

4. Situación individual.

- Na ficha que se acompaña no caderno de actividades explícanse as posibles razóns que nais e pais teñen para que as fillas e os fillos asistan a un centro escolar. Aínda que poden resultar razóns evidentes é importante reflexionar sobre elas e asignarlle unha gradación de relevancia. Esta gradación deberá ser recollida na ficha que se facilita no caderno de actividades.

Actividade para nais e pais

5. Situación de grupo.

- En equipos de traballo faise un achegamento ás caracterizacións diferenciais do absentismo escolar feminino e masculino. Precísanse inicialmente as causas percibidas do devandito absentismo en cada un dos xéneros.
- Nun segundo momento analízase a repercusión que o absentismo ten especificamente sobre cada un dos xéneros. A finalidade é constatar se as nais e os pais consideran que existen formas específicas de incidencia sobre cada xénero.

6. Situación individual.

- O último compoñente da actividade oríentase cara a unha dobre reflexión: por un lado, ter indicios sobre o límite que cada familia ten establecido ante o fenómeno do absentismo das fillas e fillos; por outro lado, predicir as consecuencias que para cada familia pode implicar un absentismo escolar continuado. O que se pretende especialmente é reflexionar sobre a situación nestes dous eidos en cada fogar.

As nais e os pais tamén van ao insti

Temporalidade

A actividade desenvólvese nun mínimo de tres sesións de traballo con nais e pais. Na primeira trabállase a relación familia-centro educativo, na segunda as posibilidades de mellora da participación familiar nos centros educativos e na terceira o absentismo escolar.



Unidade **4**
**O mundo do traballo
e as profesións**

Fundamentación

As rapazas e os rapaces que están a realizar os últimos cursos do ensino secundario obrigatorio deben tomar decisións importantes que requiren a consideración de diferentes aspectos persoais e contextuais que lles permitan iniciar a construción dun proxecto persoal e profesional futuro.

Neste camiño a información e a exploración profesional perfilanse como elementos clave que servirán de apoio ao proceso de toma de decisións. Pero coñecer o mercado laboral e as profesións require que o alumnado se sitúe realmente nese contexto, aprenda a recoller, clasificar e analizar a información que procede do mundo laboral e se proxecte persoalmente nel.

Para facilitar a transición da mocidade, do sistema educativo á vida laboral, é necesario proporcionarlle ferramentas que lle permitan observar as tendencias das profesións no mercado laboral desde un enfoque que introduza a perspectiva de xénero e teña en conta as transformacións tecnolóxicas, económicas e laborais a que están sometidas. Neste senso esta unidade pretende catro finalidades básicas:

- Favorecer a análise obxectiva da realidade circundante (a través do traballo con anuncios de prensa e a elaboración de perfís profesionais).
- A adquisición de esquemas de traballo adecuados para as futuras buscas persoais de información.
- Desenvolver destrezas investigadoras e de descubrimento no alumnado ao ser este destinatario e receptor da información.
- Estimular unha futura elección de opcións profesionais máis diversificadas e menos estereotipadas.

O mundo do traballo e as profesións

Actividades do módulo

Co alumnado

- *“Exploro o mundo do traballo”.*
- *“Coñecer a miña profesión favorita”.*

Con nais e pais

- *“Indagando sobre as profesións: as fontes de información”.*

Actividade 1

A busca directa de información é un dos elementos clave para a exploración da contorna profesional máis próxima. Esta actividade está orientada a que as alumnas e os alumnos desenvolvan un coñecemento directo sobre a busca de emprego a través da análise das ofertas de traballo presentes nas bolsas de emprego da prensa diaria.

Obxectivos

O alumnado será capaz de:

- Seleccionar, clasificar e contrastar información reflectida nas ofertas de emprego.
- Discriminar a información útil para a busca de emprego.
- Clarificar os aspectos básicos que debe coñecer sobre as profesións.
- Tomar conciencia dos estereotipos e roles femininos e masculinos que se encontran explícitos e implícitos nos anuncios de traballo.

Desenvolvemento da actividade

1.1. Situación en pequeno grupo.

- A/O profesora/or deberá elaborar unha listaxe de xornais (nacionais, autonómicos, provinciais e locais) de fácil acceso para o alumnado, que inclúan dentro dos seus contidos unha sección de ofertas de emprego (consultar preferentemente as edicións da fin de semana).
- Organizar a aula en pequenos grupos (5-6 persoas). Asignarlle ao chou un ou dous xornais a cada grupo.
- Durante dúas ou tres semanas, cada grupo fará o seguimento da información e recortará os textos das ofertas de emprego.
- Reunidos na aula, os grupos elixirán 10-12 ofertas (dúas por persoa). O criterio de selección empregado será a riqueza da información que achegue a oferta.
- Análise de contido das ofertas seleccionadas segundo o guión que se contempla no caderno de actividades do alumnado.

Exploro o mundo do traballo

- Unha vez rematada a análise das ofertas, os equipos de traballo elaborarán unha síntese da información recollida co apoio da ficha que se inclúe no caderno de actividades.

1.2. Situación en gran grupo.

- Cada grupo expoñerá na posta en común os resultados das súas análises anteriores. A/O profesora/or axudará ao grupo a afondar no coñecemento do mundo laboral (contratos, condicións, etc.) e nas características e requisitos formativos dos postos de traballo (información laboral) que aparezan ao longo do exercicio.
- Para que quede constancia das conclusións ás que se chega sería importante a confección, mediante todo tipo de materiais, de paneis ou murais onde se plasmen plasticamente as conclusións. Resaltar aqueles elementos (frases dos textos, imaxes, etc.) que utilizan estereotipos ou nesgos de xénero.
- Apertura dun debate colectivo coa finalidade de reflexionar conxuntamente sobre todo o proceso anterior e incitar o alumnado a identificarse co carácter prioritario da busca activa de información. As cuestións a debate estarán centradas nos seguintes aspectos básicos:
 - Tipo de postos de traballo que se ofertan.
 - Campos profesionais e sectores da súa contorna que teñen unha maior oferta laboral.
 - Requisitos que se esixen (formativos, mobilidade, experiencia...).
 - Tipos e características das ofertas dirixidas explicitamente a mulleres ou homes.

Temporalidade

A actividade desenvólvese en tres sesións de titoría de 50 minutos. Durante a semana da segunda sesión contarase coa colaboración da profesora/or de plástica para que explique en que consiste e como se debe confeccionar un mural ou un panel informativo.

Actividade 2

A información que ten o alumnado sobre as profesións é escasa e frecuentemente está nesgada polas modas, os estereotipos e a falta dun coñecemento real do mundo laboral. Con esta actividade preténdese fomentar o contacto directo do alumnado coas profesións a través da elaboración de perfís profesionais e, asemade, a exploración dos elementos necesarios para a construción de itinerarios formativos a partir dos campos profesionais preferidos.

Obxectivos

O alumnado será capaz de:

- Recompilar, organizar e analizar información sobre os diferentes aspectos que integran unha profesión.
- Asociar unha determinada profesión cos itinerarios formativos necesarios para acceder a ela.
- Explorar posibles campos profesionais ideais.

Desenvolvemento da actividade

2.1. Situación de grupo.

- Iniciar a actividade cun remuíño de ideas sobre o significado da palabra “profesión”, para detectar posibles dificultades previas sobre este concepto. Ter en conta a seguinte secuencia:
 - Expresión individualizada por parte das alumnas e alumnos do significado que lle atribúen a “profesión”. Utilizar palabras ou frases curtas. É conveniente seguir tres ou catro roldas de respostas.
 - Análise das palabras/frases e valoración da súa pertinencia.
 - Agrupamento das palabras/frases segundo a súa proximidade conceptual.
 - Construción consensuada dunha definición de “profesión” a partir do material traballado.

Coñecer a miña profesión favorita

2.2. Situación individual.

- Presentar o traballo individual. Cada alumna e alumno anotará no seu caderno de actividades as cinco profesións nas que máis lle gustaría traballar no futuro e explicitará as razóns desa elección. Coas respostas obtidas intentará ordenar as tres favoritas e elixir unha delas. Este proceso require o seguimento individualizado por parte da/o profesora/or co fin de detectar e previr expectativas estereotipadas en función do xénero e poñelas de manifesto.
- Elaboración do perfil profesional da profesión elixida. A información será recompilada a través dunha entrevista a unha/un profesional. Ver ficha de perfil profesional no caderno de actividades.

2.3. Situación de grupo.

- Posta en común dos perfís profesionais. Clasificación das profesións segundo o sector produtivo. Análise dos sectores atendendo ás seguintes cuestións:
 - Características de cada sector.
 - Importancia que teñen no tecido produtivo da contorna.
 - Situación das mulleres dentro de cada sector.
- A/O profesora/or actuará como moderadora/or na discusión xeral de todo o grupo clase intentando facer unha síntese dos aspectos analizados e posibilitando a través do achegamento de información complementaria (estadísticas, profesións importantes na zona que non saíron, etc.) a contextualización á realidade laboral da contorna.

2.4. Situación individual.

- Cada alumna/o individualmente tentará deseñar o itinerario formativo básico correspondente a cada profesión. O alumnado recompilará a información de diversas fontes: internet, folletos, guías, etc. A/O profesora/or asesorará sobre como acceder ás fontes de información, proporcionándoas cando sexa necesario.

Actividade 2

2.5. Situación de grupo.

- Intercambio de información no grupo clase sobre os itinerarios formativos.

2.6. Situación individual.

- Momento de síntese e de reflexión individual sobre a actividade. Ten como finalidade que a alumna e o alumno revisen toda a información recollida sobre as profesións, a relacione coas súas expectativas e valore os posibles obstáculos.

Coñecer a miña profesión favorita

Temporalidade

A actividade realízase en seis sesións de tutoría de 50 minutos. Será preciso contar, para o seu desenvolvemento, coa colaboración do profesorado, nais/pais e doutras persoas próximas dispostas a achegarlle ao alumnado información sobre profesións diversas.

Na semana na que se desenvolva a segunda sesión será necesario que a/o profesora/or de lingua apoie a/a titora/or e lle explique ao alumnado como se realiza unha entrevista. Na sesión de tutoría, a/o titora/or fará unha explicación detallada do guiión de entrevista que deberán empregar.

Despois da cuarta sesión de tutoría o alumnado terá que realizar, fóra do centro, un traballo de recollida de información sobre os diferentes estudos. Se non atopa información suxeriráselle que acuda ao departamento de orientación do centro na súa procura.

Actividade para nais e pais

Recoller e usar información relevante é esencial para o proceso de toma de decisións. A familia pode participar activamente neste proceso, colaborando conxuntamente coas fillas e fillos, na busca de información e axudando a analizar e valorar a súa importancia e fiabilidade. Esta actividade ten como obxecto central que as nais e os pais coñezan as diferentes fontes de información sobre o mundo laboral e académico dispoñibles na súa contorna.

Obxectivos

- Descubrir e coñecer fontes de información que sirvan de axuda na orientación profesional das fillas e dos fillos.
- Desenvolver actitudes positivas sobre a necesidade de participar activamente nos procesos de toma de decisións vocacionais das fillas e dos fillos.
- Valorar as expectativas e as características das fillas e dos fillos.
- Tomar conciencia dos comportamentos estereotipados que se dan en relación á futura ocupación de rapazas e rapaces.

Desenvolvemento da actividade

1. Situación individual.

- Traballo individual. A/O profesora/or solicitaralles ás nais e aos pais participantes que reflexionen sobre as súas expectativas en relación ao futuro profesional das súas fillas e fillos. É importante motivalos para que analicen coa maior sinceridade posible as razóns das súas eleccións prestando particular atención ás potenciais expectativas estereotipadas en función do xénero. A función da/o profesora/or nesta primeira parte da actividade é fundamentalmente de asesoramento e atención individualizada, creando un clima de confianza coas persoas participantes que as leve á reflexión e á interrogación.
- Unha vez decididas as profesións solicitaráselles ás/aos participantes que indaguen sobre a información que é necesario coñecer dunha profesión para

Indagando sobre as profesións: as fontes de información


que sexa relevante no momento dunha elección profesional. Cada participante deberá anotar as súas achegas. Ademais da ficha-guía que se inclúe no caderno de actividades pode ser tamén utilizada a ficha sobre o perfil profesional da actividade 2 da unidade 4.

2. Situación grupal.


- Traballo en pequeno grupo de 4 a 6 persoas. Realizarase unha síntese do traballo individual mediante a elaboración dunha ficha de traballo onde se especifiquen as diferentes fontes segundo o tipo de información demandada (ver caderno de actividades). Cada grupo deberá anotar as dúbidas e/ou dificultades que se lle presenten para realizar o exercicio.
- Posta en común en gran grupo. Unha/un portavoz de cada un dos equipos de traballo expón as achegas ás/aos demais compañeiras/os. Entre todo o grupo elabórase unha ficha síntese, como produto final, que recolla con claridade e precisión as fontes académicas e profesionais ás que se pode acudir na procura de información sobre as profesións e os itinerarios educativos/formativos.
- A/O profesora/or durante esta fase centrará as súas funcións na resolución de dúbidas e en proporcionar referencias sobre onde atopar a información demandada.

Temporalidade

A actividade realízase no espazo da titoría e é necesario para o desenvolvemento de cada exercicio unha sesión de 50 minutos.



Bibliografía



- Álvarez, M. (1995). *Orientación profesional*. Barcelona: Cedecs.
- Álvarez, V. (1997). *Tengo que decidirme*. Sevilla: Alfar.
- Álvarez, V. e Bonilla, G. (1999). *El futuro profesional de nuestros hijos*. Madrid: EOS.
- Astin, H.S. (1984). The meaning of work in women's lives; A sociopsychological model of career choice and work behavior. *The Counseling Psychologist*, 12 (4), 117-126.
- Bandura, A. (2003). *Auto-efficacité. Le sentiment d'efficacité personnelle*. Paris: De Boeck.
- Berroeta, B. (1998). Si no sabes a dónde vas... acabarás en otro lugar. En M. S. Alcalá et al. *Hacia una orientación profesional no sexista*. Pamplona: Gobierno de Navarra, 51-87.
- Blanco, N. (2001). *Educación en femenino y en masculino*. Madrid: Universidad Internacional de Andalucía/Akal.
- Bridges, J. S. (1988). Sex differences in occupational performance expectations. *Psychology of Women Quarterly*, 12, 75-90.
- Brunet, J. e Negro, J. (1989). *Tutoría con adolescentes*. Madrid: Ediciones San Pío X.
- Bujol, C. e Gingras, M. (2000). *Choix professionnel et développement de carrière*. Montreal: Gaëtan Morin, 238-239.
- Coscojuela, R. e Subías, R. (1993). ¿Hombres dirigentes y mujeres ejecutoras?. *Cuadernos de Pedagogía*, 211, 65-67.
- Crites, J.O. (1969). *Vocational Psychology*. New York: McGraw-Hill.
- Echeverría, B. (1993). *Formación profesional. Guía para el seguimiento de su evolución*. Barcelona: PPU.
- Echezarreta, P. et al. (1999). *Programa coeducativo de orientación académico-profesional para la educación secundaria*. Vitoria: Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco.
- Engels, D.W; Minor, C.W; Sampson, J.P. e Splete, H.H. (1995). Career Counseling Speciality: History, development and prospect. *Journal of Counseling and Development*, 74 (2), 134-138.
- Espín, J; Rodríguez Moreno, M. L; Donoso, T. et al. (1996). *Análisis de recursos educativos desde la perspectiva no sexista*. Barcelona: Laertes.

- Fernández, X.R. (2003). *Educación e igualdad de oportunidades entre sexos*. Barcelona: ICE Universitat Barcelona/Horsori.
- Ferrer, M.P. e Sánchez, I. (1995). *Toma de decisión vocacional no sesgada por razón de género*. Madrid: CIDE.
- Fitzgerald, L.F. e Crites, J.O. (1980). Toward a career psychology of women: What do we know?. *Journal of Counseling Psychology*, 27, 44-62.
- Galve, J.L. e Ayala, C.L. (2002). *Orientación y acción tutorial. Fundamentación*. Madrid: CEPE.
- Gallego, S. (2006). El orientador y sus ámbitos específicos II. Orientación profesional. En S. Gallego e J. Riart (Coords.) *La tutoría y la orientación en el siglo XXI: Nuevas propuestas*. Barcelona: Octaedro, 227-238.
- Haring, M.J. e Beyard-Tyler, K.C. (1984). Counseling with women: the challenge of non traditional careers. *The School Counselor*, 31, 301-309.
- Instituto Andaluz de la Mujer (1997). *Programa Elige*. Sevilla: autor.
- Jato, E. e Iglesias, L. (2003). *Xénero e educación social*. Santiago: Laiovento.
- López-Sáez, M. (1994). Procesos culturales e individuales implicados en la estereotipia de género. Una aproximación a la elección de la carrera. *Revista de Psicología Social*, 9 (2), 213-230.
- Lips, H.M. (1993). *Sex and gender: An introduction*. Mayfield: Mountain View.
- Maciá, D. (2000). *Un adolescente en su vida*. Madrid: Pirámide.
- Méndez, M.J. (1999). *Condicionantes de xénero e clase social na elección académico-profesional no ensino secundario*. Tese doutoral (inédito).
- Nash, M. e Sierra, C. (1996). Educación para la igualdad de oportunidades entre los sexos. En M. Álvarez, e R. Bisquerra, *Manual de orientación y tutoría*. Barcelona: Praxis, 137-143.
- Neto, A; Cid, M; Pomar, C. et al (1999). *Estereotipos de género*. Lisboa: Comissão para a Igualdade e para os Direitos das Mulheres.
- Osipow, S.H. e Fitzgerald, L.F. (1996). *Theories of career development*. Boston: Allyn and Bacon.
- Planas, J. A. (2002). La acción tutorial en un centro educativo. En R. Bisquerra (Coord.) *La práctica de la orientación y la tutoría*. Bilbao: Cisspraxis, 181-229.
- Rodríguez Espinar, S. (1993). *Teoría y práctica de la orientación educativa*. Barcelona: PPU.

- Rodríguez-Moreno, M.L. (1994). *Programa para enseñar a tomar decisiones*. Barcelona: Laertes.
- Rodríguez-Moreno, M.L. (1998). *La orientación profesional*. Barcelona: Ariel Editorial.
- Rodríguez-Moreno, M.L. (1999). *Enseñar a explorar el mundo del trabajo: diagnóstico de las destrezas exploratorias y propuestas de intervención*. Archidona, Málaga: Ediciones Aljibe.
- Romero, S. (2000). *De gira hacia el trabajo*. Archidona, Málaga: Ediciones Aljibe.
- Sánchez, M. F. (2004). *Orientación laboral para la diversidad y el cambio*. Madrid: Sanz Torres.
- Subirats, M. e Tomé, A. (1992). *Pautas de observación para el análisis del sexismo en el ámbito educativo*. Barcelona: ICE Universitat Autònoma de Barcelona.
- Super, D.E.; Savickas, M.L. e Super, C.M. (1996). The life-span, life-space approach to careers. En D. Brown, L. Brooks *et al.* *Career choice and development*. San Francisco: Jossey-Bass, 121-178.
- Spender, D. e Sarah, E. (1980). *Learning to lose. Sexism and Education*. London: The Women's Press.
- Vieira, C. (2006). *Educação familiar. Estratégias para a Promoção da Igualdade de Género*. Lisboa: Comissão para a Igualdade e para os Direitos das Mulheres.

